# PROGRAMACIÓN LINGUA GALEGA

IES MONTE DAS MOAS 2022-23

**ÍNDICE**

**Programación Lingua e Literatura galega 2022-2023**

**1. Introdución e contextualización** **5**

**2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación de estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competencias** **5**

**3. Organización de contidos e estándares de aprendizaxe** **8**

**4. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe** **13**

**5. Concreción de obxectivos por curso e temporalización das unidades** **22**

**5.1. Segundo curso de ESO** **22**

**5.1..1 Obxectivos da área de Lingua Galega e Literatura 2º ESO** **22**

**5.1..2. Descrición das unidades** **24**

**5.1. 3. Estratexias metodolóxicas** **49**

5.1.4. Materiais e recursos 50

5.1. 5. Fomento das TIC 50

5.1. 6. Ferramentas de avaliación 50

5.1.7. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade 50

5.2. Cuarto curso de ESO 51

5.2.1. Obxectivos didácticos da área de Lingua Galega e Literatura 4º ESO 51

5.2. 2. Programación das unidades didácticas 53

5.2.3. Descrición das unidades 53

5.2..4. Estratexias metodolóxicas 94

5.2..5. Materiais e recursos 95

5.2. 6. Fomento das TIC 95

5.2.. 7. Ferramentas de avaliación 95

5.2.8 Medidas para a inclusión e a atención á diversidade 96

5.3. Bacharelato 96

5.3. 1. Obxectivos xerais de bacharelato 96

5.3. 2. Competencias, indicadores e descritores 96

5.3. 3. Metodoloxía para bacharelato 102

5.3. 4. Fomento das TIC. Bacharelato 103

5.3. 5. Atención á diversidade. Bacharelato 103

6.  Segundo curso de bacharelato 103
6..1. Os contidos 103
6..2. Programación das unidades didácticas 107
6..3. Recursos didácticos 138
6.4. Criterios de avaliación para 2 º de Bacharelato 139
6. 5. Criterios de cualificación de 2º curso de bacharelato 139
6. 6. Secuenciación 140
7. Materiais e recursos didácticos 141
8. Procedementos de avaliación. Criterios de cualificación 142
9. Avaliación inicial 145
10.  Normas de cualificación 146
11. Medidas de atención á diversidade 148
12. Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores 149
13. Criterios de cualificación e promoción de lingua e literatura galega 151
14. Concreción dos elementos transversais que se traballarán 152
15. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente 155
16. O proxecto lector 155
17. Accións do plan de integración das TIC 156
18. Proxecto lingüístico 156
19. Educación en valores 158
20. Os criterios para avaliar a propia programación 159
21. Rúbricas para a atención á diversidade. Outras táboas 160
Anexo I á programación 2022-2023.  Actividades extraescolares 163
Anexo II á programación 2022-2023. Libros de lectura na materia de Lingua Galega e Literatura 164
Anexo III á programación:  Literatura galega do século XX 169
Anexo IV:  Programación de 2ª L.E  Portugués de 2º ESO 182

# Programación Lingua e Literatura galega 2022-2023

Membros do departamento e distribución dos grupos.

No Instituto Monte das Moas da Coruña, no curso 2022-2023, hai os seguintes grupos:

Ensino Secundario Obrigatorio:

1º ESO: 4 grupos

2º ESO: 5 grupos

3º ESO: 4 grupos

4º ESO: 4 grupos

1º BAC: 3 grupos

2º BAC: 3 grupos

As materias ou materias optativas impartidas dentro do Departamento de Lingua e literatura galega son as seguintes:

1º ESO: Lingua Galega e Literatura e 2ª lingua estranxeira ( Portugués) de 2 horas semanais.

2º ESO: Lingua Galega e Literatura, 2ª lingua estranxeira (Portugués) de 2 horas semanais .

3º ESO: Lingua e Literatura Galega, e 2ª lingua estranxeira ( Portugués) de 3 horas semanais.

4º ESO: Lingua e Literatura Galega

1º BACHARELATO: Lingua e literatura, tamén Literatura Universal (optativa de 4 h).

2º BACHARELATO: Lingua e literatura e Literatura Galega do XX e XXI (optativa de 2h)

Compoñen este departamento as seguintes profesoras:

ALBERTO BARREIRO DOCAMPO

MAR HERMIDA PICO

ANA ISABEL MARTÍNEZ FERNÁNDEZ

MATILDE MOSQUERA LENDOIRO

PILAR ZAPICO BARBEITO

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A área de lingua galega e literatura ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. Xa que logo, está orientada a garantir que, ao final da educación secundaria obrigatoria, o alumnado sexa capaz de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional, que comprenda a diversidade de mensaxes orais e escritas con que se vai atopar ao longo da súa vida adulta e que sexa quen de producilas, non só coa debida corrección lingüística, senón tamén con creatividade e adecuación ao contexto en que se realiza a comunicación.

O IES de Monte das Moas atópase na cidade da Coruña. O alumnado procede maioritariamente da zona en que está situado, aínda que tamén hai alumnado de procedencia estranxeira, maioritariamente latinoamericana.

Este centro educativo aséntase nunha zona da cidade da Coruña, con bastante actividade no sector servizos, en concreto no sector da hostalería, do pequeno/mediano comercio e a banca. Aínda que algunhas grandes areas comerciais fican tamén moi próximas. O nivel socioeconómico das familias na zona correspóndese cun estrato medio, salvo casos excepcionais de alumnado de baixo nivel económico.

En canto á proposta educativa de centro, hai que sinalar que a liña de traballo nos últimos anos diríxese a potenciar a interdisciplinariedade, favorecendo o tratamento de diversos aspectos relevantes de xeito transversal, xa que se considera que a finalidade dun centro educativo non é unicamente ofrecer un ensino regrado, senón favorecer a formación integral do alumnado. Incídese especialmente na mellora na adquisición das competencias clave (máis aínda na Competencia matemática e na Competencia en comunicación lingüística) ao seren consideradas o eixo fundamental de toda a aprendizaxe posterior.

No que se refire á lingua materna percíbese como predominante o castelán, aínda que a presenza do galego é moi frecuente en persoas maiores no barrio e que moitos alumnos (case todos) teñen aldea á que acoden con frecuencia, a situación lingüística na contorna é diglósica, xa que a lingua máis valorada nas interaccións formais é o castelán.

Por isto á par de traballarmos a competencia comunicativa en galego, desde o noso departamento tentaremos traballar para mellorar os posibles prexuízos que poida haber cara a lingua galega e que traten de asociala con valores de modernidade, útil no  seu tempo de lecer (música en galego, teatro, cinema, visitas culturais) asociada a todos os ámbitos académicos e científicos en que se poida empregar (galego na ciencia, tecnoloxía, na música, etc). O departamento está especialmente implicado na dinamización da lectura no noso instituto, xa que as profesoras acostuman organizar clubs de lectura en lingua galega; e tamén na organización de saídas extraescolares e visitas culturais.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación de estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competencias

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

**Comunicación lingüística (CCL)**

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderiamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explícita nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Destacamos, pois, os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor…
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

**Competencia dixital (CD)**

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un piar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área unha canle perfecta para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:
Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

**Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

**Aprender a aprender (CAA)**

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolábeis a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas…
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

# 3. Organización de contidos e estándares de aprendizaxe

Os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura agrúpanse en varios bloques. Respectamos a numeración tal como aparece no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura xeral. Os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e

recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento da súa cultura.

**CONTIDOS**

**Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar**

**Escoitar**

- B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.
- B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e académico (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).
- B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.

**Falar**

- B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
- B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).
- B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.
- B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.

**Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir**

**Ler**

- B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.

B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.

B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito académico, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.

B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.

B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.

**Escribir**

B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.

B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.

B2.10. Produción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.

B2.11. Produción, en soporte papel ou dixital, de textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.

B2.12. Produción, en soporte papel ou dixital, de textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.

B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.

B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.

B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.

B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio…), así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.

B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.

B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.

B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.

B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.

B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

**Bloque 4. Lingua e sociedade**

B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.

B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

B4.3. A lusofonía.

B4.4. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.

B4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da

necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.

B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.

B4.7. Os prexuízos lingüísticos.

B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.

**Bloque 5. Educación literaria**

B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.

B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

B5.3. Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.

B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.

B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.

B5.6. Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.

B5.8. Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

## 4. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

**Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar**

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.

LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).

LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.

B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico.

LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.

LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).

LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume) e o significado da linguaxe non verbal.

B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.

LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.

LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.

B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.

LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.

LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.

B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.

LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.

LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.

B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das 7 vogais, n velar, fonema fricativo palatal xordo).

LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).

LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.

B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expoñer conclusións).

LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción.

LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.

B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.

LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.

LGB1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.

LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.

LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.

LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.

LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.

B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.

LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.

LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.

**Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir**

B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.

LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.

LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.

LGB2.1.4. Busca o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.

LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etcétera).

LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.

LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.

LGB2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.

LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.

B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.

LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.

B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito académico do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, información de dicionarios, enciclopedias en distintos soportes.

LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.

LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.

B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

B2.6. Mostrar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.

LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.

LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais, sexistas.

B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.

LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.

LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.

B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.

LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.

LGB2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.

LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.

LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).

LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.

LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.

B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.

LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.

LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.

B2.11. Producir, en soporte papel ou dixital, textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.

LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.

B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.

LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.

LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.

B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.

LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.

LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.

LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.

B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.

LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.

B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.

LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.

B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.

B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.

LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.

B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.

LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.

B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.

LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.

B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo, os temporais e os explicativos).

LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.

B3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.

LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.

LGB3.9.2. Identificar as función sintácticas no seo da oración.

B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.

LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.

B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Elementos Transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para

mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

**Bloque 4. Lingua e sociedade**

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.

LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.

LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.

LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.

LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música, xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.

B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo das diferentes contornas familiares do alumnado.

LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo da súa contorna familiar e a do resto do alumnado.

LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos.

B4.3. Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

B4.4. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.

LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.

B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na da súa contorna.

B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.

LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural.

LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.

**Bloque 5. Educación literaria**

B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando asimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

LGB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

LGB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.

LGB5.2.2. Diferenza textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.

LGB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.

B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.

LGB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.

B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.

LGB5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.

B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

LGB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

B5.7. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.

LGB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.

LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.

LGB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.

LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.

B5.8. Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

LGB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

# 5. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES.

## 5.1. Segundo curso de ESO

### 5.1.1 Obxectivos da área de Lingua Galega e Literatura 2º ESO

1. Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.
2. Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel, para identificar ideas principais, comprender o contido e procesar a información mediante distintas ferramentas.
3. Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.
4. Sintetizar e procesar información desde textos orais de distintos ámbitos.
5. Elaborar criterios para analizar criticamente o propósito comunicativo en textos orais diversos.
6. Elabora argumentacións propias para expoñer o propósito comunicativo dos textos orais.
7. Recoñecer as connotacións en informacións implícitas nun texto oral.
8. Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega.
9. Amosar coidado e interese por elaborar producións propias con corrección gramática, ortográfica e fonética.
10. Empregar o coñecemento da lingua e os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar con corrección nexos textuais de

espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

11. Realizar exposicións orais sobre temas diversos seguindo unha estrutura ordenada e coherente, con soltura.
12. Coñecer e utilizar técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.
13. Elaborar opinións propias sobre temas diversos e expoñelas de maneira argumentada e ordenada en distintos contextos.
14. Participar de modo natural e por iniciativa propia en situacións de comunicación oral diversas: debates, corrección de exercicios, diálogos sobre temas, ... expoñendo e argumentando as ideas propias.
15. Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz, a estrutura do discurso, os medios empregados, etc.
16. Desenrolar estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.
17. Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.
18. Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
19. Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. Utilizar ese coñecemento para comprender a mensaxe e utilizar as fontes de información con rigor.
20. Identificar e analizar as distintas fortes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.
21. Realizar lectura comprensiva de textos diversos: identificar ideas principais e secundarias, sintetizar e representar a información, elaborar argumentacións propias sobre o contido, relacionar o texto con experiencias ou outros coñecementos previos.
22. Realizar unha lectura en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
23. Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.
24. Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.
25. Elaborar noticias a partir dun modelo con coñecementos adquiridos.
26. Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.
27. Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.
28. Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.
29. Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.
30. Coñecer, empregar as normas que regulan os textos orais e escritos de diversos tipos.
31. Comprender que o uso de normas ortográficas e morfoloxías é necesario para o desenvolvemento da lingua.
32. Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilizalos en textos escritos con corrección.
Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar o dicionario; facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, etc.
Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
Creación dun ambiente distendido na aula, imprescindible para que alumnos e alumnas participen de maneira activa nas recitacións e nas actividades de carácter oral.
Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información do libro, para o manexo do correo electrónico e da aula virtual, etc.
Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou grupal.
Práctica habitual na clase da análise guiada de textos literarios.
Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
Traballo dos distintos contidos da unidade a partir de textos próximos á realidade e aos intereses do alumnado.
Fomento do interese pola poesía e por compoñer e recitar os seus propios poemas.

## 5.2.5. Materiais e recursos

Libro de texto: *Lingua e Literatura Galega* de 4º ESO, editorial Anaya

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:

CD audio do libro do alumno: audición do texto que abre a unidade e mais da lectura inicial.
Recursos fotocopiables da Proposta didáctica, con actividades de reforzo e ampliación e lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora.

Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
Recursos dixitais
Enlaces web: e páxinas que se suxiren no libro do alumno.

Blog do departamento e da biblioteca.

Aula virtual

### 5.2. 6. Fomento das TIC

Audición no CD-Audio da lectura inicial.
Busca de información en Internet.
Acceso ás páxinas web apuntadas nas unidades.
Lectura dalgunha das lendas e textos que figuran na páxina web de Galicia encantada.
Escoita de poemas medievais na páxina do Arquivo Sonoro de Galicia:
Traballo con xornais electrónicos galegos.
Emprego da aula virtual e do correo electrónico para se comunicaren alumnado e profesora.
Manexo do correo electrónico e da aula virtual.

### 5.2. 7. Ferramentas de avaliación

Rexistro de avaliación

Proba de avaliación inicial

Proba de avaliación da unidade

Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe

Probas orais

Probas ou tarefas feitas na Aula Virtual ou enviadas por correo electrónico ás profesoras

Outros recursos: documentos e material multimedia realizados polo alumnado; rúbrica, diana, ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula. etc.

### 5.2.8 Medidas para a inclusión e a atención á diversidade

Fichas de reforzo e ampliación en Tratamento da diversidade.

Fichas de comprensión lectora e comentario en Lecturas complementarias.

Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento de cada unidade?

Como vou minimizar as dificultades? Que necesidades individuais prevexo ?

Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

(2) Ver rúbricas individuais e de grupo.

## 5.3. O Bacharelato

O proxecto curricular do bacharelato vén marcado polo Decreto 126/2008, do 19 de xuño (D.O.G. de 23 de xuño de 2008) e contempla como finalidade fundamental, segundo se establece no artigo 2º do citado texto legal, "proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior". Dentro dese proxecto, a materia de Lingua Galega e Literatura (art. 6º) goza da consideración de "materia común", tendo, xa que logo, como finalidade afondar na formación xeral do alumnado, aumentar a súa madurez intelectual e humana e avanzar naquelas competencias que favorezan a aprendizaxe ao longo da vida.
Nesta etapa de Educación Secundaria Postobrigatoria, será tarefa esencial do profesorado e do alumnado intentar superar nun primeiro momento a dinámica herdada do ensino obrigatorio, no sentido de procurar, e isto será básico no primeiro curso, romper as posibles actitudes de inercia na formación, de conformismo e/ou desinterese. Isto levará a conseguir un compromiso tácito entre profesor/a e alumno/a para alcanzar as maiores cotas de cooperación e aproveitamento neste período.

### 5.3. 1. Obxectivos xerais de bacharelato

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permiten:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para a aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a galega.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

## 5.3. 2. Competencias, indicadores e descritores

| COMPETENCIA | INDICADORES | DESCRITORES |
|---|---|---|
| *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* | Coidado do ámbito natural e dos seres vivos | - Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.<br>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.<br>- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.<br>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura. |
| | Vida saudable | - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.<br>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano |
| | A ciencia no día a día | - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.<br>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade - Manexar os coñecementos sobre *ciencia e tecnoloxía* para solucionar problemas. |

| | | |
|---|---|---|
| | Manexo de elementos matemáticos | - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.<br>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.<br>- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática. |
| | Razoamento lóxico e resolución de problemas | - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.<br>- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.<br>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. |
| *Comunicación lingüística* | Comprensión: oral e escrita | - Comprender o sentido dos textos escritos e orais.<br>- Manter unha actitude favorable cara á lectura. |
| | Expresión: oral e escrita | - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.<br>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.<br>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario. |
| | Normas de comunicación | - Respectar as normas de comunicación en calquera contexto...<br>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións |

| | | |
|---|---|---|
| | Comunicación noutras linguas | - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.<br><br>- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.<br><br>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.<br><br>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas. |
| *Competencia dixital* | Tecnoloxías da información | - Empregar distintas fontes para a busca de información.<br><br>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.<br><br>- Elaborar e facer publicidade de información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. |
| | Comunicación audiovisual | - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual<br><br>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación. |
| | Utilización de ferramentas dixitais | - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.<br><br>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías<br><br>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías. |
| *Conciencia e expresións culturais* | Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas | - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. |

| | | |
|---|---|---|
| | | - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.<br><br>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural |
| | Expresión cultural e artística | - Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.<br><br>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e gusto pola estética no ámbito cotián.<br><br>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. |
| *Competencias sociais e cívicas* | Educación cívica e constitucional | - Coñecer as actividades humanas, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.<br><br>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. |
| | Relación cos demais | - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.<br><br>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. |
| | Compromiso social | - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.<br><br>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.<br><br>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.<br><br>- Involucrarse ou promover accións cun fin social. |

| | | |
|---|---|---|
| *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor* | Autonomía persoal | - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.<br><br>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.<br><br>- Ser constante no traballo superando as dificultades.<br><br>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. |
| | Liderado | - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.<br><br>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.<br><br>- Darlle prioridade á consecución de obxectivos de grupo sobre intereses persoais. |
| | Creatividade | - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.<br><br>- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian. |
| | Emprendemento | - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.<br><br>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.<br><br>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas<br><br>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo. |
| *Aprender a aprender* | Perfil de aprendiz | - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.<br><br>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. |

| | | |
|---|---|---|
| | Ferramentas para estimular o pensamento | - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional,<br>- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos |
| | Planificación e avaliación da aprendizaxe | - Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.<br>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.<br>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.<br>- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. |

### 5.3. 3. Metodoloxía para bacharelato

Entre as estratexias didácticas patentes no libro ou suxeridas nas presentacións das unidades ou nos recursos da web encóntranse a lectura; a detección de ideas previas; as explicacións sobre os contidos; as aplicacións prácticas dos saberes e as habilidades; a aplicación de técnicas de estudo; a análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas; a investigación lingüística e literaria; a construción de ideas novas e xuízos críticos.

A adquisición da técnica de comentario de texto e da redacción de textos argumentativos será un traballo básico e continuo, para acadar unha boa práctica, faranse varios modelos en cada avaliación. Os alumnos prepararán na casa as respostas de tipo: resumo, tema, síntese, esquema e comentario e na clase farase unha posta en común e posterior corrección.

### 5.3 4. Fomento das TIC. Bacharelato

Busca de información en Internet.

Acceso ás páxinas web apuntadas nas unidades.

Escoita de poemas na páxina do Arquivo Sonoro de Galicia.

Traballo con xornais electrónicos galegos.

Visita e participación nos blogs do Departamento e da biblioteca.

Elaboración de presentacións dixitais, vídeos, audios, material interactivo, etc.

Emprego da aula virtual e do correo electrónico para se comunicaren profesorado e alumnado.

### 5.3. 5. Atención á diversidade. Bacharelato

Propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

-Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.

-Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.

-Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.

-Utilizar recursos gráficos, dixitais, visionado de películas, etc.

-Usar o resumo da unidade como unha forma de autoavaliación.

## 6. Segundo curso de bacharelato

Este curso mantén unha estrutura paralela ao 1º de bacharelato; os obxectivos son os mesmos, e tanto a organización de temas como a metodoloxía e a utilización de materiais didácticos é semellante.

**XENERALIDADES**

1. O desenvolvemento dos contidos no presente proxecto de Lingua Galega e Literatura de 2.º de Bacharelato segue as directrices establecidas na actualidade polas administracións educativas.
2. Ao longo das catorce unidades das que se compón o libro do alumnado, distribúense os distintos contidos da área de Lingua Galega e Literatura que abranguen tres campos que permiten ao alumnado adquirir as destrezas básicas para adquirir a competencia comunicativa: o coñecemento da lingua, a variedade dos discursos e o tratamento da información, e o discurso literario.
3. As unidades 1 a 5 abranguen o **estudo da lingua** desde a perspectiva gramatical; abórdanse os temas de Fonética e Fonoloxía (u01), Variedades xeográficas da lingua galega (u02), Morfoloxía (u03), Sintaxe (u04) e Semántica (u05).
4. As unidades 6, 7 e 8 dedícanse a temas de **Sociolingüística** co estudo da consecución da norma estándar para a Lingua Galega e a análise das interferencias lingüísticas (u06); a Historia da Lingua, nos séculos XX e XXI (u07), e a evolución histórica da conciencia lingüística sobre a Lingua Galega (u08).
5. As unidades 09 a 14 tratan os contidos de **Literatura** cunha unha cronolóxica das producións máis significativas do noso acervo literario, ao longo do século XX e primeiros do século XXI. En cada época estúdanse os xéneros e os autores máis representativos, de cuxas principais obras se extractan fragmentos sobre os que consideran actividades diversas.
6. Cada unha das unidades do libro introdúcese cunha interesante lectura cuxo contido garda relación co que se vai explicar e a traballar e en relación ao cal se lles formulan aos estudantes unhas preguntas. Non ten outro obxecto que predispoñelo positivamente cara ao estudo do tema e activar os coñecementos previos que sobre el ha de ter.

7. Todas as unidades compleméntanse cunhas **Actividades de repaso,** que se desenvolven nunha páxina e teñen como obxectivo reforzar os contidos estudados a partir de actividades relacionadas cun texto.

8. Comúns tamén a todas as unidades do libro é o resumo da unidade que recolle os contidos máis relevantes de Lingua e de Literatura.

9. Como colofón, os temas de Literatura compleméntanse cunhas Lecturas Guiadas que permiten aos alumnos unha lectura máis fonda e comprensiva dalgunhas das obras tratadas na unidade.

## 12.1. Os contidos

**LINGUA**

**1. Fonética e Fonoloxía**

Sons, fonemas e letras
Os fonemas vocálicos
Os fonemas consonánticos
A sílaba
O acento
A entoación
Repaso da unidade

**2. Variedades xeográficas da lingua galega**

Variación diatópica ou xeográfica
Variedades xeográficas do galego moderno
Bloques e áreas do galego
Repaso da unidade

**3. Morfoloxía**

Estrutura e clases de palabras
Formación de palabras
Familias léxicas e desvíos léxicos
Repaso de Morfoloxía
Repaso da unidade

**4. Sintaxe**

As relacións sintácticas
Unidades e funcións sintácticas: a frase
Unidades e funcións sintácticas: a oración
Algúns aspectos de sintaxe galega
Repaso da unidade

**5. Semántica**

A Semántica
Campos semánticos
Relacións semánticas
Cambios semánticos

Repaso da unidade

**SOCIOLINGÜÍSTICA**

**6. A norma estándar**

A construción da variedade estándar
As interferencias lingüísticas e as desviacións da norma
Repaso da unidade

**7. Historia da lingua: séculos XX e XXI**

Introdución
O galego no primeiro terzo do s. XX
O galego de 1936 a 1975
O galego desde 1975 ata a actualidade
Repaso da unidade

**8. Evolución da conciencia lingüística**

Introdución
Antecedentes da conciencia lingüística (ata 1840)
Etapa de toma de conciencia (1840-1915)
Etapa de afirmación da conciencia lingüística (1916-1939)
Etapa de resistencia (1939-1975)
Etapa de reafirmación da conciencia lingüística (1975-hoxe)
Repaso da unidade

**LITERATURA**

**9. Do Posrexurdimento á Guerra Civil: poesía**

Contexto histórico e cultural
Autores de longa traxectoria: Ramón Cabanillas
As vangardas
Repaso da unidade
Lecturas guiadas

**10. Do Posrexurdimento á Guerra Civil: prosa**

A narrativa na época Nós
O teatro na época Nós
O ensaio na época Nós
Repaso da unidade
Lecturas guiadas

**11. Desde a Guerra Civil ata 1976: poesía**

Contexto histórico e cultural
A Xeración de 1936
A Promoción de Enlace
A Xeración dos 50 ou das Festas Minervais
Repaso da unidade
Lecturas guiadas

**12. Desde a Guerra Civil ata 1976: prosa**
A prosa galega entre 1936 e 1980
A literatura galega no exilio
A Nova Narrativa Galega.
O teatro galego entre 1950 e 1980
O ensaio galego entre 1950 e 1980
Repaso da unidade
Lecturas guiadas

**13. A literatura galega actual: poesía**
Contexto histórico e cultural
A poesía na década dos 80
A poesía na década dos 90
Repaso da unidade
Lecturas guiadas

**14. A literatura galega actual: prosa**
Introdución
A narrativa galega actual
Autores
O teatro actual (desde 1980)
O ensaio actual (desde 1980)
Repaso da unidade
Lecturas guiadas

## 6.2. Programación das unidades didácticas

### Unidade 1. Fonética e a Fonoloxía

A seguir estrutúranse os contidos da unidade en seis epígrafes:

1. **Sons, fonemas e letras.**
2. **Os fonemas vocálicos.**
3. **Os fonemas consonánticos.**
4. **A sílaba.**
5. **O acento.**
6. **A entoación.**

A sección de **Repaso** abrangue dúas propostas de traballo. Por unha banda a lectura dun texto suxestivo relacionado co tema que vai acompañado dunha batería de preguntas e reflexións; e por outro, un esquema final onde poderán repasar e memorizar os contidos significativos.

**TEMPORALIZACIÓN**

3.ª e 4.ª semana de setembro e a metade da 1ª semana de outubro.

**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñecer os fonemas vocálicos e consonánticos que constitúen o sistema fonolóxico galego, e ser quen de clasificalos segundo o seu punto e modo de articulación.

2. Comprender a constitución da sílaba e a súa clasificación distinguindo ditongos, tritongos e hiatos.

3. Coñecer o acento e a entoación como unidades suprasegmentais

**CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| O. | Contidos | Criterios de avaliacion | Estándares de aprendizaxe | CC |
|---|---|---|---|---|
| D E G H | B1.1 Comprensión, valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. | B1.1.Comprender, interpretar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. | LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, | CCL |
| E | B3.2. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada. | B31 .Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación | LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz. | CCL |
| B E F H | B2.5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das | B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final. | LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo. | CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | producións cos recursos que ofrecen as TIC. | | | |
| | B3.4 Aplicación normas ortográficas. Coñecer o acento e a entoación como unidades suprasegmentais | B3.4 Aplicación normas ortográficas. Coñecer o acento e a entoación | LGB3.4.1 Coñece, usa, valora as regras de acentuación. | CCL |

## Unidade 2. As Variedades xeográficas da Lingua Galega.

A unidade iníciase cunha lectura sobre un vídeo viral na web sobre o fenómeno dialectal da gheada, para avaliar, de forma lateral, os conceptos previos que o alumnado pode ter sobre o tema.

A seguir estrutúranse os contidos da unidade en tres epígrafes:

1. Variación diatópica ou xeográfica.
2 Variedades xeográficas do galego moderno.
3 Bloques e áreas do galego.

A sección de Repaso abrangue dúas propostas de traballo. Por unha banda a lectura dun texto suxestivo relacionado co tema que vai acompañado dunha batería de preguntas e reflexións; e por outro, un esquema final onde poderán repasar e memorizar os contidos significativos.

**TEMPORALIZACIÓN**

Na terceira avaliación

**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñece o fenómeno da variación lingüística e, especialmente, a variación diatópica ou xeográfica.

2. Analiza e estuda as variedades xeográficas do galego moderno.

**CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| O. | Contidos | Criterios de avaliacion | Estándares de aprendizaxe | CC |
|---|---|---|---|---|
| D<br>E<br>G<br>H | B1.1<br>Comprensión, valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. | B1.1.Comprender, interpretar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. | LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| D<br>E<br>G<br>H<br>I<br>M | B1.5. Produción de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, | B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC | LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.<br>LGB1.5.2. Consulta fontes, revisa borradores e esquemas.<br>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada | CCL |
| B<br><br>F<br>H | B2.6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión. | B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas. | LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos | CD<br>CAA |
| D<br>E | B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia. | B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural. | LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural . | CCL<br>CCEC |
| B<br>E | B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras | LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos desenvolvidos no curso para mellorar a comprensión e produción dos textos. | CCL<br>CAA |

## Unidade 3. Morfoloxía.

A unidade iníciase cunha lectura sobre o fenómeno da lectura e poder das palabras, para avaliar, de forma lateral, os conceptos previos que o alumnado pode ter sobre o tema.
A seguir estrutúranse os contidos da unidade en catro epígrafes:

1. Estrutura e clases de palabras.
2 Formación de palabras
3 Familias léxicas e desvíos léxicos

4 Repaso de Morfoloxía.

A sección de Repaso abrangue dúas propostas de traballo. Por unha banda a lectura dun texto suxestivo relacionado co tema que vai acompañado dunha batería de preguntas e reflexións; e por outro, un esquema final onde poderán repasar e memorizar os contidos significativos.

**TEMPORALIZACIÓN**

4ª semana de outubro e 1º e 2º semana de outubro

**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñecer a estrutura interna das palabras e os procedementos de formación de palabras.
2. Coñecer e aplicar regras básicas de gramática para adxectivos cualificativos, artigos, adxectivos determinantes, relativos, pronomes e verbo.

**CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| O | Contidos | Criterios de avaliacion | Estándares de aprendizaxe | CC |
|---|---|---|---|---|
| D E G H | B1.1 Comprensión, valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. | B1.1.Comprender, interpretar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. | LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, | CCL |
| D E G H I M | B1.5. Produción de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, | B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC | LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.<br>LGB1.5.2. Consulta fontes, revisa borradores e esquemas.<br>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada | CCL |
| E | B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega | CD<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| D E | B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio…), así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos. | B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas | LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas. | CCL CCEC |
| B E | B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras | LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos desenvolvidos no curso para mellorar a comprensión e produción dos textos. | CCL CAA |

## Unidade 4. Sintaxe.

A unidade iníciase cunha lectura sobre as áreas cerebrais que se activan nos músicos de jazz cando improvisan e que son as mesmas que se utilizan para a activar a creación sintáctica, co fin de avaliar, de forma lateral, os conceptos previos que o alumnado pode ter sobre o tema.
A seguir estrutúranse os contidos da unidade en catro epígrafes:

1. As relacións sintácticas .
2 Unidades e funcións sintácticas: a frase
3 Unidades e funcións sintácticas: a oración
4 Algúns aspectos de sintaxe galega.

A sección de Repaso abrangue dúas propostas de traballo. Por unha banda a lectura dun texto suxestivo relacionado co tema que vai acompañado dunha batería de preguntas e reflexións; e por outro, un esquema final onde poderán repasar e memorizar os contidos significativos.

**TEMPORALIZACIÓN**
Na terceira avaliación

**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Entender os conceptos de recursividade e salto de nivel.
2. Distinguir as relacións paradigmáticas e sintagmáticas e, dentro destas, as de coordinación e subordinación.
3. Identificar os distintos tipos de frases e os seus elementos constituíntes.
4. Identificar as distintas funcións sintácticas.
5. Identificar os diferentes tipos de oracións.
6. Coñecer algúns aspectos da sintaxe galega.

**CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| O. | contidos | Criterios de avaliacion | Estándares de aprendizaxe | CC |
|---|---|---|---|---|
| D<br>E<br>G<br>H | B1.1<br>Comprensión, valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. | B1.1.Comprender, interpretar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais | LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, | CCL |
| D<br>E<br>G<br>H<br>I<br>M | B1.5. Produción de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade, con coherencia, coa axuda das TIC, | B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade, con corrección, coa axuda das TIC | LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, LGB1.5.2. Consulta fontes, revisa borradores e esquemas. LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada | CCL |
| E<br>G<br>H<br>I | B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural | B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética | CLL |
| B<br>F<br>h | B2.3 Produción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural. | B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, | LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical | CCL |
| E | B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas. | B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica | LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. | CCL<br>CAA |
| B<br>E | B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas | B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e de textos | LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos no curso para mellorar a comprensión e produción dos textos. | CCL<br>CAA |

## Unidade 5. A semántica

A unidade iníciase cunha lectura sobre a riqueza léxica do galego, en concreto, a que se refire aos nomes empregados para falar da "chuvia miúda", con fin de avaliar, de forma lateral, os conceptos previos que o alumnado pode ter sobre o tema.
A seguir estrutúranse os contidos da unidade en tres epígrafes:
1. A Semántica.
2 Campos semánticos.
3 Relacións semánticas.
4 Cambios semánticos.
A sección de Repaso abrangue dúas propostas de traballo. Por unha banda a lectura dun texto suxestivo relacionado co tema que vai acompañado dunha batería de preguntas e reflexións; e por outro, un esquema final onde poderán repasar e memorizar os contidos significativos.

**TEMPORALIZACIÓN**
Na terceira avaliación

**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**
1. Comprender os conceptos de significado, significante e referente, así como os de denotación e connotación.
2. Comprender os conceptos de campo semántico, sema, semema e arquisemema, así como as relacións xerárquicas.
3. Identificar as diferentes relacións semánticas e comprender as causas, mecanismos e consecuencias dos cambios semánticos

**CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| O | contidos | Criterios de avaliacion | Estándares de aprendizaxe | CC |
|---|---|---|---|---|
| D<br>E<br>G<br>H | B1.1<br>Comprensión, valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. | B1.1.Comprender, interpretar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. | LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, | CCL |
| D<br>E<br>G<br>H<br>I<br>M | B1.5. Produción de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, | B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC | LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.<br>LGB1.5.2. Consulta fontes, revisa borradores e esquemas.<br>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada | CCL |
| E | B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á | B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención | LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas | CD<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega | |
| B<br>F<br>H | B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados. | B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. | LGB2.2.1. Planifica os seus traballos e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final.LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, | |
| E | B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas. | B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas | LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. | CCL<br>CCA |
| B<br>E | B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras | LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos desenvolvidos no curso para mellorar a comprensión e produción dos textos. | CCL<br>CAA |

## Tema 6. Elaboración da norma estándar.

A unidade iníciase cunha lectura sobre unha anécdota narrada por Castelao e que mostra a relevancia desta figura no proceso de construción da identidade galega, para avaliar, de forma lateral, os conceptos previos que o alumnado pode ter sobre o tema.
A construción da variedade estándar
As interferencias lingüísticas e as desviacións da norma.

A sección de Repaso abrangue dúas propostas de traballo. Por unha banda a lectura dun texto suxestivo relacionado co tema que vai acompañado dunha batería de preguntas e reflexións; e por outro, un esquema final onde poderán repasar e memorizar os contidos significativos.

**TEMPORALIZACIÓN**
Última semana outubro

***OBXECTIVO*S DIDÁCTICOS**

1. Coñece os pasos necesarios para a elaboración dunha norma estándar.

2. Comprende e diferencia as interferencias e desviacións da norma estándar.

## CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| O | contidos | Criterios de avaliacion | Estándares de aprendizaxe | CC |
|---|---|---|---|---|
| D<br>E<br>G<br>H | B1.1<br>Comprensión, valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. | B1.1.Comprender, interpretar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. | LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, | CCL |
| D<br>E<br>G<br>H<br>I<br>M | B1.5. Produción de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, | B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC | LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.<br>LGB1.5.2. Consulta fontes, revisa borradores e esquemas.<br>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada | CCL |
| A<br>B<br>E | B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. | LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. | CLL<br>CAA<br>CSC |
| B<br>F<br>H | B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados. | B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. | LGB2.2.1. Planifica os seus traballos e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final.LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| H p | B4.3. Construción da variante estándar da lingua galega.<br>B4.4. Interferencias lingüísticas: castelanismos. | B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos. | LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.<br>LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e. | CCL<br>CCEC |
| B E | B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras | LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos desenvolvidos no curso para mellorar a comprensión e produción dos textos. | CCL<br>CAA |

## Unidade 7. Historia da lingua galega nos séculos XX e XXI.

A unidade iníciase cunha lectura sobre a importancia das escolas creadas polos emigrantes galegos, para avaliar, de forma lateral, os conceptos previos que o alumnado pode ter sobre o tema.

1.Introdución

2 O galego no primeiro terzo do s. XX

3 O galego de 1936 a 1975

4 O galego desde 1975 ata a actualidade

A sección de Repaso abrangue dúas propostas de traballo. Por unha banda a lectura dun texto suxestivo relacionado co tema que vai acompañado dunha batería de preguntas e reflexións; e por outro, un esquema final onde poderán repasar e memorizar os contidos significativos.

**TEMPORALIZACIÓN**

2ª avaliación, 1ª – 2ª semana Nadal // terceira avaliación

**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñece os fitos máis salientables das épocas da preguerra.
2. Coñece os fitos máis salientables das épocas da posguerra.
3. Coñece os fitos máis salientables das épocas da actualidade.

**CONTIDOS DA UNIDADE – CRITERIOS DE AVALIACIÓN – ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| O | contidos | Criterios de avaliacion | Estándares de aprendizaxe | CC |
|---|---|---|---|---|
| D<br>E<br>G<br>H | B1.1<br>Comprensión, valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa. | B1.1.Comprender, interpretar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. | LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, | CCL |
O comentario de texto terá un especial seguimento. É obrigatoria a entrega dos traballos encomendados nas datas sinaladas.

O alumnado debe ter as tres avaliacións aprobadas con nota media igual ou superior a 5 para poder superar o curso. En caso contrario, deberá realizar unha proba global con toda a materia. Excepcionalmente, con unha avaliación suspensa, verase a traxectoria e o aproveitamento do curso, para poder recuperala.

É imprescindible cumprir os seguintes mínimos:
Presentar todos os traballos encomendados, tanto na modalidade presencial como aqulles que sexan solicitados a través da aula virtual ou do correo electrónico.
Realizar, se é posible, unha exposición oral de temas concretos..
Superar todos os exames teórico-prácticos .

## 6. 6. Secuenciación

En cada avaliación daremos  temas de literatura, sociolingüística e repaso de morfoloxía.

**1ª avaliación**

Literatura:

1. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
2. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
3. A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
4. O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós. O  ensaio.

Lingua e sociedade:

1 Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
2 Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

Estudio da lingua:

1. Fonética, fonoloxía. Fonemas vocálicos e consonánticos. A sílaba. O acento. A entoación.
2. Repaso de morfoloxía: substantivo, adxectivo, artigo, posesivos, pronomes, ...o verbo.

**2ª avaliación**

Literatura:

1. A poesía entre 1936 e 1980: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais. Poesía no exilio.
2. A prosa entre 1936 e 1980: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas). Literatura no exilio, prosa e teatro.
3. A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.
4. O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. O ensaio.

Lingua e sociedade:

1 O galego,lingua en vías de normalización.
2 O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Estudio da lingua:

1. Estrutura clases e e formación de palabras. Familias léxicas. Interferencias e desvíos da norma.
2. Sintaxe, Unidades e funcións sintácticas. Algúns aspectos da sintaxe galega.

**3ª avaliación**

Literatura:

1. A poesía galega actual. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
2. A prosa galega actual. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
3. O teatro actual. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes. O ensaio.

Lingua e sociedade:

1 O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
2 O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Estudio da lingua:

1. A semántica: o estudio do significado. O campo semántico. As relacións semánticas. Os cambios semánticos.
2. Variedades xeográficas da lingua galega.

## 7. Materiais e recursos didácticos

Xa indicados en cada curso.

En cada curso da ESO o alumnado contará cun libro de texto a partir do cal se organizarán as actividades de aprendizaxe. Os libros seleccionados polo departamento son :

2º Curso: Lingua galega e literatura. 2º ESO. Editorial Anaya.
4º curso: Lingua galega e literatura. 3º ESO. Editorial Anaya.
2º Bacharelato: Lingua galega e literatura. Editorial Anaya.
Aulas virtuais de todos os niveis e materias xestionadas polas profesoras da materia.

A Biblioteca do centro tamén é un recurso que consideramos esencial para o fomento da lectura (no contexto do plan de lectura do centro). O profesorado que imparta clase na ESO proporalle ó alumnado lecturas de tema variado e de interese axeitadas á súa idade.

O manexo das novas tecnoloxías, tal como se recolle nos contidos da materia, debe ter un lugar destacado tanto nos seus aspectos didácticos coma na procura de información e no proceso de elaboración de textos por parte do alumnado. O material relacionado coas TIC do que dispomos no centro é o seguinte:

Equipos informáticos aos que pode acceder o alumnado, tanto en horario de clases como no seu tempo libre.
Aula de informática con equipos conectados a internet que se pode reservar para impartir as clases nela.
Equipos portátiles equipados cun canón proxector que pode utilizar o profesorado que o precise.
Varias aulas con taboleiro interactivo.
Equipos reprodutores de vídeo e DVD.
Tódalas aulas están equipadas con conexión a internet e canón de proxección.

**As aulas virtuais estarán actualizadas para que o alumnado poida acceder a materiais didácticos, posibles tarefas de traballo ou avaliacións mediante cuestionarios ou tarefas online.**

## 8. Procedementos de avaliación. Criterios de cualificación

1 Elementos de observación para a avaliación:

a) Expresión.

Expresión oral precisa e coherente, articulada e nítida. Utilización do ton axeitado á intención comunicativa; interpretación correcta dos signos de puntuación ó realizar exercicios de lectura oral.

Utilización dos recursos verbais e non verbais e dos rexistros lingüísticos axeitados.

Elaboración correcta do discurso escrito dende o punto de vista morfolóxico, sintáctico e semántico; utilización de léxico axeitado, variado e flexible; utilización adecuada dos signos de puntuación e das normas ortográficas.

b) Comprensión.

Comprensión do contido de textos orais e escritos; distinción, ordenación e xerarquización das ideas.

Análise e comentario de recursos expresivos e recursos estilísticos.

c) Estratexias de aprendizaxe.

Realización de subliñados, resumos, sínteses, esquemas, guións e outras actividades e técnicas de traballo intelectual.

Utilización apropiada de fontes de información (dicionarios, manuais, libro de texto, bibliografía); adquisición de técnicas de busca de información na biblioteca.

Elaboración de apuntes ordenados, comprensibles e aproveitables.

Adquisición e utilización de técnicas de razoamento: indución, dedución, analoxía e comparación, memorización de conceptos fundamentais; transferencia e aplicación do aprendido.

d) Actitudes

Respecto ás normas de convivencia establecidas no Instituto e nas actividades da materia. Respecto do dereito dos compañeiros a aprender.

Interese, participación e traballo persoal e en grupo.

Tolerancia, solidariedade e colaboración cos demais; respecto da opinión allea.

Participación activa en tarefas de avaliación e autoavaliación.

Reflexión crítica sobre a realidade e a propia actuación. Adquisición de responsabilidade, madurez e autenticidade, tanto dende o punto de vista individual como social.

Receptividade e interese cara ás actividades relacionadas cos temas transversais.

Sensibilidade cara ós textos literarios e as manifestacións artísticas.

e) Hábito de traballo

Asistencia regular e puntual a clase ou seguimento das explicacións e tarefas na modalidade non presencial.

Esforzo sistemático dentro e fóra da clase. Práctica do hábito de estudo e realización de tarefas e deberes.

Interese polo traballo ben feito. Presentación puntual, pulcra e correcta de traballos e exercicios.

Asistencia aos exames e probas de avaliación. Realización nos tempos e prazos marcados das tarefas de avaliación na modalidade non presencial.

Realización das lecturas que se esixen, nos prazos fixados.

A aplicación dos criterios de avaliación débese facer a través de instrumentos e probas que sexan coherentes con eles e que permitan anotar de xeito sistemático e organizado as observacións necesarias para levar a cabo unha avaliación obxectiva, transparente e eficaz do rendemento académico do alumando.

1. Observación do alumno/a na clase. Seguimento das tarefas nas aulas virtuais

A observación do alumnado permite comprobar a asistencia regular, o comportamento, a intervención no proceso didáctico, as dificultades de aprendizaxe, etc. Todas estas observacións deben ser recollidas no caderno do profesor.

No caso da modalidade non presencial, a propia aula virtual permite xa comprobar o tempo de conexión do alumnado e marcar os prazos de entrega de tarefas, de maneira que o seguimento e rexistro de actividades entregadas é máis doado de observar.

2. Revisión do caderno de actividades do alumno/a. (Especialmente no 1º ciclo da ESO). Mantemos este criterio só se as condicións sanitarias e os protocolos Covid permiten esta tarefa.

O caderno de actividades do alumno/a proporciona datos sobre a comprensión, a expresión escrita e o desenvolvemento das actividades propostas, sobre a utilización de fontes de información e documentación, sobre os hábitos de traballo e estudo persoal, etc. Para avaliar este material pídeselle ao alumnado que conte cun caderno no que poida arquivar os resultados do seu traballo diario; isto farase de xeito sistemático para o primeiro e segundo curso, sendo un recurso optativo para terceiro e cuarto. A revisión do caderno é un recurso moi importante para avaliar o rendemento escolar, pero diversos factores (copia do caderno de outro/a, axuda doutras persoas, etc) fan que deba ser valorada con precaución.

3. Probas obxectivas.

A realización de probas obxectivas, tanto orais como escritas, presenciais ou telemáticas, permiten observar e valorar a asimilación e aplicación de conceptos e o logro de gran variedade de procedementos, ó tempo que demostran a capacidade dos alumnos/as para resolver problemas; tamén axudan a que o alumno/a sexa consciente dos seus avances e deficiencias; finalmente supoñen un material obxectivo de doada comprobación tanto para os profesores/as como para os alumnos/as e as súas familias. A probas obxectivas non deben ser illadas, senón que se deben integrar de forma relacionada co resto das actividades de avaliación. Deberíase evitar a realización de probas únicas e dos exames "decisivos", plantexándoos en cambio como un conxunto de observacións de importancia especial.

**En 2º da ESO**, realizaranse, de ser posible, dúas probas por avaliación de dous temas cada unha **(70% da nota)**. Estas probas poden ser presenciais ou telemáticas dependendo da situación sanitaria. Non hai recuperación. Realizaranse os respectivoóns traballos de redacción, ou comentarios.

No mes de xuño realizárase unha proba global final de recuperación

**En 3º e 4º** curso realizaranse, de ser posible, dúas probas por avaliación, (70%). Estas probas poden ser presencias ou telemáticas dependendo da situación sanitaria. Os mínimos para aprobar: a entrega de traballos ou tarefas encomendadas de modo presencial ou online, os exames aprobados cunha nota igual ou superior a 5.

O exame comprenderá un texto literario con preguntas sobre forma/contido, preguntas de literatura, de teoría e práctica; cuestións de vocabulario e de gramática, morfoloxía.

As notas dos exames completaranse coa de comentarios ou traballos encomendados, orais ou escritos que se entregarán nas datas sinaladas.

**4. Control de lecturas. (10% da nota)**

Dada a importancia que lle damos á lectura pódense realizar probas para verificar que se está a traballar co ritmo e a intensidade axeitados. Unha obra de lectura por avaliación. Os libros de lectura serán examinados a través de probas escritas, orais, fichas ou traballos guiados, exposicións orais, etc.

**5. Outras actividades (20%)**

Expresión oral.

Actividades interesantes que permiten a avaliación da expresión oral son as exposicións orais, debates e coloquios, representacións, dramatizacións, lecturas expresivas... É importante deseñar coidadosamente estas actividades para que proporcionen datos fiables, evitando o risco de desorientación do alumno/a.

Expresión escrita.

Son unha parte importante na avaliación e consistirán na elaboración de textos tanto literarios (narracións, descricións, diálogos...) coma instrumentais (cartas, actas, instancias, resumos, exposicións orais...), e na análise e comentario de textos.

Autoavaliación e coavaliación.

Temos que procurar que as actividades de avaliación contribúan a que o alumnado tome conciencia dos seus avances ou deficiencias. En todo momento debe saber en que punto se atopa dentro do proceso de aprendizaxe, para que así poidan tomar medidas de corrección e reforzo. Procurarase evitar o carácter penalizador das probas e fomentarase a autoestima do alumnado.

## 9. Avaliacion inicial

En todos os cursos da ESO, na 1ªou 2ª semana de clases, realizarase unha valoración inicial do alumnado, que será posta en común nas sesións de avaliación previa. Non é precisa unha nota concreta,se ben é aconsellable; o interese deste diagnóstico é detectar as dificultades

individuais e de grupo, as carencias, mais tamén aquel alumnado que sobresae por altas capacidades. Cómpre ter en conta:

**A expresión oral e escrita** pódese apreciar a través de lecturas e redaccións .

**Actitudes,** interese, tolerancia, respecto...

**Estratexias de aprendizaxe** realización de sínteses, guións, uso do dicionario...

**Hábitos de traballo,** interese, regularidade, esforzo...

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa ao número de alumnos e alumnas, o funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...)., as necesidades que houber. E este curso en concreto revisar as adaptacións, memorias e informes do curso anterior.

Cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.). Non se poden deseñar medidas sen coñecer a realidade de cada grupo. E tentarase levar un criterio coordinado entre todas as pofesoras do departamento.

A partir de aí podemos utilizar materiais predeseñados e /ou elaborar outros para casos específicos.

Fichas de reforzo e ampliación en Tratamento da diversidade.

Fichas de comprensión lectora e comentario en Lecturas complementarias.

É difícil a **atención individualizada**, dado o número de alumnos por aula, e as poucas sesións de materia, con todo, haberá que prestar **especial atención** a aqueles alumnos que a precisen. Contamos con material no departamento para aplicar en casos de reforzo dentro da aula, que se usarán despois da avaliación inicial; ou ampliación, así como os recursos da ed. Anaya ou calquera outro recurso presente na rede.

## 10. Normas de cualificación

1. O sistema de avaliación, será o de AVALIACIÓN CONTINUA en 1º ,2º ESO, 3º ESO e 4º ESO.
2. En todas as probas e traballos valorarase a expresión, tanto oral coma escrita, reservándose unha parte da nota para estes aspectos.
3. Calquera proba de avaliación poderá considerarse suspendida (e nese caso terá unha cualificación de 0 puntos) se hai constancia de que o alumno/a copiou, permitiu que outros/as copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados (propios ou alleos) mediante procedementos ilícitos. Se a copia tivese lugar nun exame final, tería que examinarse na proba extraordinaria de xuño (BacharelatoÇ) ou na final de xuño (ESO) ; e se a copia fose nesta última, suspendería automaticamente a materia.

O profesor/a tamén poderá rexeitar un exame ou exercicio se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible; neste caso quedará ó seu criterio a repetición da proba ou a súa substitución.

4. Non se avaliará a ningún alumno/a por medio dunha observación única e os alumnos coñecerán os obxectivos e o sistema de cualificación.
5. Valorarase a lectura voluntaria ata un 0,5 e será tida en conta para acceder á máxima cualificación.
6. Ademais, para animar o alumnado á participación no Proxecto Lector do Centro, decidiuse subir ata un límite máximo dun punto a participación activa no devandito proxecto (acumulable á nota obtida final de curso de APROBADO). Esa participación activa pode comprobarse mediante elaboración de fichas de lectura, resumos, respostas a cuestionarios e a presenza efectiva nas reunións periódicas do grupo de lectura.
7. As faltas de asistencia ás probas quedan reguladas da seguinte maneira: a 1ª vez admitirase un xustificante da familia, pais, nais ou titores; a 2ª vez requirirase un xustificante oficial, médico... etc.
8. A cualificación de cada avaliación trimestral dependerá das obtidas nas diversas observacións e probas realizadas.

   O baremo de valoración será o seguinte:

| | |
|---|---|
| Observación da actividade didáctica diaria, traballo na aula, oralidade, actitude cara á materia e cara a profesora e os compañeiros/as, elaboración de redaccións, controis de lectura, comentarios de texto, traballos individuais ou en grupo.<br><br>Seguimento das tarefas online na modalidade non presencial. Cumprimento dos prazos de entrega de tarefas propostas. | 30% |
| Probas obxectivas (orais ou escritas), exames, controis e calquera actividade que o profesor/a indique expresamente que ten esta consideración.<br>Probas ou tarefas telemáticas deseñadas no caso de avaliación online. | 70% |
| En 2º Bacharelato as probas terán un valor do 90% 1º mentres que en 1º Bacharelato é dun 80%. En ambas será obrigatoria a entrega de todos os traballos encomendados nas datas sinaladas, tanto na modalidade presencial como na non presencial. | 10% Libros de lectura, comentarios, exposicións, oralidade… (2º Bach)<br>20% Libroas de lectura, comentarioa, exposicións, oralidade… (1º Bach) |

9. As reclamacións do alumnado ou dos seus pais, nais ou titores legais sobre as cualificacións das probas ou sobre as cualificacións das avaliacións trimestrais e final serán atendidas cinguíndose á lexislación vixente, así como ó disposto no Proxecto Curricular de Secundaria e no Proxecto Educativo do Instituto.

## 11. Medidas de atención á diversidade

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

-Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
-Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
-Teñan altas capacidades intelectuais.
-Se incorporasen tardiamente ao noso sistema educativo.
-Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.
Os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios as actividades de aprendizaxe integradas responderán a tipoloxías e agrupamentos variados favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexíbeis e gradadas en dificultade. No caso de que sexa preciso o profesorado elaborará materiais adaptados, así como probas específicas sempre asesorado polo equipo de orientación.

**1. Medidas contempladas na lexislación**

A lexislación vixente contempla, en canto ás competencias do departamento, as seguintes medidas de atención á diversidade.

1) Medidas curriculares:
  a) Reforzo, recuperacións e outros apoios.
  b) Adaptación Curricular Individualizada.
2) Medidas de tipo organizativo:
  a) Agrupamentos específicos.
  b) Grupos PMAR.

Correspóndelle ao profesorado determinar o momento de aplicación destas medidas de modo que, ao final, todo o alumnado acade o nivel desexado.

Ademais do libro de texto, é fundamental a selección de materiais empregados na aula: obras literarias, antoloxías, dicionarios, materiais complementarios de reforzo e ampliación... Estes últimos áchanse recollidos na carpeta do profesor, no caderno de exercicios e no CD de materiais didácticos elaborado por Anaya ou en calquera outro recurso de reforzo que o profesorado considere en soporte papel ou dixital.

**2. Medidas concretas neste curso**

**Tamén teremos alumnado con adaptacións curriculares individualizadas,** que se organizarán despois da avaliación inicial xunto co departamento de Orientación e a profesora de PT.

Contamos con material no departamento para aplicar en casos de reforzo dentro da aula, que se usarán despois da avaliación inicial; ou ampliación, así como os recursos da ed. Anaya ou calquera outro seleccionado polas profesoras.

**Alumnado procedente do estranxeiro**

As necesidades determinaranse a través da avaliación inicial que se realizará no comezo de curso ou no momento de incorporación ao sistema educativo. Se ten desfase curricular ou descoñece a lingua seguirá un programa específico personalizado ademais de incorporarse ás medidas de atención á diversidade deseñadas para cada curso. Poderá acollerse á exención en lingua galega e non será avaliado, mais debe seguir as tarefas propostas na clase.

**AVALIACIÓN**

A avaliación farase tendo como referencia o traballo do alumnado, reforzos na aula ou ACI, progresión e aproveitamento.

Os suspensos na 3ª avaliación de xuño deberán realizar unha proba na convocatoria **Final de xuño** na cal o 100% da nota corresponderá a un exame escrito no que se incluirán preguntas sobre os contidos vistos durante o curso.

.

**Todo o alumnado**

Os alumnos que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación contan cunha adaptación curricular individualizada elaborada polo profesor da materia do grupo de referencia do alumno, que se incorpora á programación anual dos Departamentos de Lingua Galega e Literatura e ao Departamento de Orientación.

A decisión sobre o alumnado con estas carencias concretarase na sesión de avaliación inicial, o mesmo que as necesidades de reforzos individuais nas aulas.

O profesorado dispón dunha rúbrica no anexo, para avaliar as medidas para a inclusión e a atención á diversidade individual e do grupo que o desenvolvemento da unidade requira.

## 12. Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores

A atención ó alumnado coa materia de Lingua galega e literatura pendente de cursos anteriores será coordinada polo departamento. O profesorado que imparte a materia no curso no que actualmente está o alumno ten as seguintes funcións dentro do programa de recuperación:

a) facer a observación e o seguimento das actitudes, estratexias de aprendizaxe e hábitos de traballo do alumno/a en relación co curso no que está actualmente e

b) proporcionarlle as fichas elaboradas polo departamento e clarificar todo tipo de dúbidas que vaian xurdindo.

Unha vez por trimestre, polo menos, o departamento dedicará a reunión ao seguimento e valoración do proceso de recuperación deste alumnado, tomando as medidas correctoras e de reforzo que se consideren necesarias. Ademais será o propio departamento, a través do acordo entre os seus membros, quen realizará a avaliación destes alumnos/as, tendo en conta tanto as probas obxectivas coma as observacións do profesor/a que lles imparte clase.

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que se van aplicar son aqueles que figuran dentro do apartado de "Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva", e as regras polas que se guiará a avaliación son as mesmas que se aplican ao resto do alumnado .

**Alumnado de 2º, 3º , 4º ESO con 1º ou 2º ou 3º suspenso:**

O profesorado de segundo e terceiro curso serán responsable da recuperación dos alumnos con materia de 1º ,2º e 3º suspensa respectivamente. Non hai exames parciais para este nivel.

O departamento elabora un caderno trimestral de traballo para realizar na aula ou na casa, para o profesorado que opta por esta opción, priorizando sempre o traballo no curso actual, así como as obras de lectura que deben presentar nas datas fixadas. Será supervidado polo profesor/a da aula de referencia O alumnado pode aprobar por trimestres a materia, de non ser así, poderá realizar un exame final nas datas que marque Xefatura de Estudos.

**Alumnado 2º bacharelato:**

Para o alumnado de 2º de bacharelato con materia pendente de cursos anteriores, elaborarase un caderno de exercicios ou relación de tarefas,actividades e traballos cada trimestre, para realizar na casa, que deberán presentar nas datas fixadas. Será supervisado pola profesora encargada.

O traballo na aula de referencia será fundamental así como o caderno de exercicios, o 50% da nota, sempre que se presenten os traballos encomendados correctamente realizados. Durante o curso realizaranse probas por trimestrais, que terán un valor do 50% da nota. O alumnado que non aprobe por trimestres a materia realizará un exame final nas datas que marque Xefatura de Estudos no mes de abril

O alumnado que non supere a materia en maio poderá presentarse a un exame global de novo na avalición extaordinaria de xuño

Considerase aprobada a materia pendente cando se fai media coas notas dos trimestres e dá como resultado unha nota igual ou superior a 5 ou se obtén dita cifra nos exames globais finais

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Será necesaria a entrega dos materiais encomendados ben elaborados para poder aprobar cada avaliación, así como a atención e participación nas clases de referencia, entrega de traballos tanto de teoría, práctica ou das obras de lectura.

Dado que o traballo é práctico, feito na casa, supervisado polo profesorado, **É preciso aprobar as tres avaliacións para superar a materia suspensa.**

En maio deberán realizar o exame proposto polo Departamento e, no seu caso, entregar os materiais que se pidan.

## 13. Criterios de cualificación e promoción de lingua e literatura galega

| | Instrumentos de avaliación | Recuperación | Cualificación final |
|---|---|---|---|
| 1º ESO e 2º ESO | Probas escritas,orais ou telemáticas: 70%<br><br>Traballo diario, atención, actitude, oralidade, lecturas ou tarefas encomendadas, cuestionarios online: 30%.<br>Desconto de ata 1 punto por faltas | Avaliación continua<br>Recuperacións concretas dalgún aspecto da materia (verbos, vocabulario...) | Nota media reais das avaliacións.<br>Hai un exame global final para os suspensos |
| 3º ESO e 4ª ESO | Probas escritas, orais ou telemáticas de lingua e literatura terán un valor do 70%<br>30 % Oralidade Actitude, traballo e tarefas<br>Lecturas: traballo ou proba escrita.<br>Desconto de ata 1p. por faltas | Avaliación continua<br>Recuperacións concretas dalgún aspecto da materia (verbos, vocabulario...) | Nota media reais das avaliacións..<br>Hai un exame global final |
| 1º e 2º BACH | A materia está dividida en bloques: lingua, literatura, sociolingüística, análise de textos.. A A materia terá recuperación no mes de maio cunha proba final global .<br>Probas escritas ou telemáticas: 80% ( 1º Bacharelato) e 90 % (2º Bacharelato)<br>As faltas ortográficas descontarán até un máximo de 2 puntos da cualificación global.<br>Lecturas .Traballo ou proba escrita. Oralidade :20% ( 1º Bacharelato) e 10 % (2º Bacharelato)<br>Será imprescindible cumprir coa entrega de todos os traballos ou tarefas presenciais ou online encomendadas e, de ser posible, realizar as exposicións orais.<br>O alumnado debe ter tres avaliacións aprobadas con nota media igual ou superior a 5 para superar o curso. En caso contrario, deberá realizar unha proba global final* de toda a materia.<br>*Como caso especial, a criterio do profesorado, terase en conta a OPCIÓN de recuperar o caso dunha unha soa avaliación suspensa para o alumnado que demostre un esforzo continuo, un traballo gradual e unha actitude positiva ao longo do curso. | | |
| PROBA FINAL e EXTRAORDINARIA XUÑO | Tanto na ESO ,a proba de avaliación final ;como no bacharelato ,na proba extraordinaria de xuño, suporá o 100% da nota final do curso. | | |
| PENDENTES ESO | Notas por trimestres con traballos guiados ben elaborados (50%) e traballo realizado na aula de referencia (50%). A nota das 3 avaliacións aprobadas supón o aprobado final. Non hai | | |

| | |
|---|---|
| | exames por avaliación. Caso de suspender algunha avaliación poderanse presentar a exame final de curso proposto por Xefatura de Estudos, en abril e/ou en xuño |
| PENDENTES<br>1º Bacharelato | Notas por trimestres con traballos guiados ben elaborados e traballo realizado na aula de referencia (50%) e exame por trimestre (50%). A nota das 3 avaliacións aprobadas supón o aprobado final. Haberá exame global final para os que suspendan na convocatorias ordinaria e/ou extraordinaria |

## 14. Concreción dos elementos transversais que se traballarán

Tratarase de fomentar ao longo do curso todos os valores especificados no apartado **"Elementos Transversais"** do Decreto 86/2015. Farase fincapé
- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional
- A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia

Ademais desde a nosa materia traballaranse os seguintes valores:

Aprender a ser responsable
Aprender a ser respectuoso/a
Aprender a ser empático/a
Aprender a controlar os seus impulsos negativos

***A Concreción do currículo cos temas transversais*** realizarase a través das exposicións orais en cada curso, das redaccións obrigatorias, dos traballos encomendados e expostos nas aulas, así como coa colaboración coa biblioteca naquelas actividades que se deseñen para o caso.
Tamén coa lectura dos libros obrigatorios.

*Educación para o consumo*: redaccións e reflexión sobre a celebración das "festas de..." , por exemplo : o día de S. Valentín, o Nadal...
En 1º ESO, as lecturas dannos pé para falar do consumo responsable, uso da auga e do papel, inmigración, ecoloxismo, diversidade, convivencia interxeracional, etc.

*Educación para a saúde:* elaboración de textos argumentativos (segundo os niveis) sobre a necesidade dunha boa alimentación: "Os beneficios dunha dieta sa".
Elaboración de menús. Descricións das propiedades dos alimentos.

*Educación moral e cívica:* debates sobre temas de actualidade como a eutanasia, a adopción, a custodia compartida,

*Educación para a paz:* recompilación e comentarios de noticias en xornais actuais sobre as guerras.
Traballos sobre os premios Nobel da paz, especialmente Malala.

*Educación para a igualdade de oportunidades:* a través dos libros de lectura. Por exemplo: USHA en 1º ESO, trata a desigualdade na educación das nenas na India, os matrimonios amañados, a emigración. En 3º Eso a vida en Irak dun adolescente en

guerra danos pé para tratar moitos aspectos da educación, relixión, en 4º ESO aspectos relacionados cos abusos sexuais, bullying ...
Busca de información sobre mulleres pioneiras.
Visionado da película “Camiño á escola” ou outras de temática educativa.
Elaboración de haikus en colaboración co departamento de plástica.
Colaboración coas actividades de dinamización organizadas desde a biblioteca.

*Educación ambiental:* redaccións sobre os espazos protexidos, parques naturais, rias,...visitas programadas por niveis: Fragas do Eume, Cantís de Dexo, Dunas de Corrubedo, ...

*Educación vial:*
Elaboración de planos, descricións de itinerarios, ...

Valoración da diversidade lingüística como manifestación da vitalidade do galego e das potencialidades da integración do galego no sistema lingüístico e cultural da lusofonía.

## 15. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento do traballo diario. Para iso, ofrécense unha serie de rúbricas ou instrumentos de axuda para reflexionar sobre catro aspectos fundamentais na práctica docente que son:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento da ensinanza.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
5. Atención ao seguimento que o alumnado poida facer do ensino e das tarefas na modalidade non presencial.

| | INDICADORES DE LOGRO | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| PLANIFICACIÓN | 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe (cursos LOMCE) . | | |
| | 2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta. | | |
| | 3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes. | | |
| | 4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe. | | |
| | 5. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. | | |
| | 6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia. | | |
| **MOTIVACIÓN DO ALUMNADO** | 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade. | | |
| | 2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...). | | |
| | 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. | | |
| | 4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas. | | |
| | 5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado. | | |
| | 6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase. | | |
| | 7. Promove a reflexión dos temas tratados. | | |
| **DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA** | 1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas... | | |
| | 2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... | | |
| | 3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | |
| | 5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula. | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes. | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | |
| | 8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | |
| | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. | | |
| **SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE** | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | |
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| | 6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |
| | 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. | | |
| | 9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | | |
| | 10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc. | | |
| | 11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais. | | |

## 16. O proxecto lector

O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluirán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Con esta finalidade empregaranse, cun enfoque funcional, as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballaranse con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

As actividades que irá levando a cabo este Departamento en relación co Proxecto Lector:

Obra de lectura obrigatoria en cada trimestre. Esta proporcionará probas e traballos de diferente tipo (comprensión, interpretación, análise literaria dalgún aspecto, etc.) que se irán marcando en cada momento do trimestre. Valor do 10% da nota en cada avaliación.

Lectura mínima diaria de 15 minutos e de textos de moi variado tipo.

Visita á biblioteca do centro para realización dalgún traballo, previamente deseñado na clase, e sobre o que terán que buscar información.

Uso da biblioteca para a lectura en silencio dalgunha obra literaria, cómic, revista, etc. que, anteriormente, a profesora ou profesor decida.

Promocionar a participación en todas as actividades deseñadas pola biblioteca: concursos literarios, de debuxo, ...

Valorar a participación activa no Club de lectura, (podendo puntuar cun máximo de 1 punto a final de curso)

Valoración de lecturas voluntarias, expostas nas aulas con comentarios orais (posibilidade de puntuar ata 0,5 en cada avaliación)

## 17. Accións do plan de integración das TIC

As tecnoloxías da información e a comunicación incorporaranse como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe. A súa aplicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións

Fomentaremos o emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación a través de:

Uso da páxina web do centro, dos blogs do departamento e da biblioteca como espazo de comunicación.

A coordinación e a acción co profesorado das outras áreas e materias.

Acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes (CD interactivo).

A potenciación de capacidade de razoamento do alumnado, da súa motivación e do seu afán de coñecemento.

Emprego das TICs para o traballo cotián e nas actividades de aula.

A superación das limitacións de acceso ás novas tecnoloxías derivadas das desigualdades sociais.

Acceso ás plataformas educativas e wikis de interese.

Emprego da Aula Virtual.

Fomento da comunicación co profesorado a través do correo electrónico.

## 18. Proxecto lingüístico

O Departamento de Lingua e Literatura participa directamente na elaboración e concreción do proxecto Lingüístico e adopta as medidas de apoio acordadas para o fomento do plurilingüismo establecidas na LNL e na LOE.

O Decreto 86/2015 de 25 xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece no artigo 11:

**MEDIDAS PARA A IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.**

Os departamentos lingüísticos dos IES Monte das Moas acordaron as medidas seguintes:

**1.- Criterios metodolóxicos básicos.**

Estes acordos correspóndense cos cursos da ESO e do bacharelato aumentando o grao de esixencia paulatinamente.

Cada curso académico, despois da avaliación inicial, os distintos departamentos consensuarán por cursos e niveis o tratamento específico e personalizado para aquel alumnado que o precise. Atención á diversidade.

En 1º da ESO será fundamental asentar pautas de atención e comportamento na aula, traballo reflexivo, participación activa, uso dos textos, traballo individual e en grupo, así como técnicas básicas: aprender a tomar notas, uso do dicionario, …

**Fomentarase a lectura en voz alta**, corrixindo a pronunciación, pausas, claridade, entoación. Aproveitarase as unidades didácticas dos libros de texto e /ou os libros de lectura obrigatoria.

**Comprensión e interpretación de textos** propios da vida cotiá e das relacións sociais en: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso. Textos de ámbito académico, webs educativas; síntese de textos dos medios de comunicación, textos narrativos, descritivos, análise do tema, resumos….

Canto a **expresión escrita** acordamos promover dúas liñas de actuación, unha máis académica traballando sobre textos: resumos, respostas concretas aos contidos, …e outra máis creativa con redaccións persoais.

Elaboración de ditados.

**Comprensión oral,** realización de audicións de textos : situación da vida real, ou os propostas nas diferentes unidades.

**Expresión oral,** realizaremos presentacións persoais, diálogos creativos, recitacións de poesía, lecturas dramatizadas, presentación de traballos individuais /grupo, introducindo o uso das tics e valorando o traballo interdisciplinar.

**2.- Acordos sobre terminoloxía.**

En morfoloxía, en caso de haber diferenzas nos libros de texto, consensuarase sempre entre as diferentes linguas. Canto os tempos verbais resaltarase o uso dos tempos, os valores dos mesmos facendo referencia as linguas contrastando as diferenzas sen impor terminoloxías.

En sintaxe usaremos unha nomenclatura común, o departamento de lingua castelá marcará a terminoloxía e levará o peso da teoría, as demais linguas aplicarán de forma práctica os conceptos aprendidos. En 1º de ESO a oración simple.

**3.- Tratamento dos contidos.**

Segundo o currículo de cada materia e dados os obxectivos da cada unha, valoraremos o uso da lingua oral e escrita e a práctica máis que a teoría. Os contidos gramaticais non son un fin en si mesmos, serán usados como un instrumento para mellorar a expresión oral e escrita.

En lingua galega e castelá en 1º e 2º curso da ESO serán conceptos básicos os xéneros literarios; en poesía a métrica e figuras estilísticas; en narrativa o estudo do narrador, personaxes tempo e lugar.

En 3º curso da ESO a literatura dende a Idade Media ata século XIX. Introdúcese o comentario literario.

En 1º de bacharelato abárcanse os mesmos períodos con máis esixencia e amplíase o comentario literario.

**4.- Criterios de avaliación.**

A avaliación será sempre continua e progresiva, valorándose o traballo diario do alumnado e a súa progresión. Esta avaliación non obriga a facer exames específicos de recuperación, tampouco impide que poidan programarse se se considera oportuno para algún caso particular.

Esixirase en cada curso o dominio dos contidos programados en cursos inferiores.

Considerarase grave que o alumnado copie ou intente copiar por calquera método. Aqueles que o fagan suspenderán o exame concreto e tamén a avaliación.

**5.- Estándares de aprendizaxe.**

Remitimos a criterios metodolóxicos.

Cada alumno debe mostrar progresión, terase en conta:

Comportamento na aula e traballo activo individual e en grupo.
Lectura.
Comprensión e interpretación de textos.
Redacción.
Probas orais/escritas.
Realización de tarefas online
Creación de videopoemas, booktubers, etc

## 19. Educación en valores

De acordo co Decreto 86/2015 de 25 xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A metodoloxía da materia de Lingua galega fomentará especialmente a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, así como as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Coidado na planificación e execución dos propios textos, revisión e autocorrección.

Actitude positiva e aberta fronte a temas de carácter social, como a inmigración.

Interese por coñecer a orixe e evolución histórica do galego.

Actitude reflexiva e esixente no uso da lingua.

Curiosidade por coñecer a riqueza da nosa literatura popular.

Valoración e actitude aberta fronte á diversidade lingüística, como unha realidade de carácter universal e enriquecedora da cultura dos pobos.

Valoración dos textos poéticos como medio para desenvolver a sensibilidade estética e estimular a imaxinación.

Actitude crítica ante as mensaxes da prensa, diferenciando entre opinión e información.

Valoración da literatura como vehículo para defender os sinais de identidade dun pobo.

Sensibilidade cara á poesía e a música como tipos especiais de comunicación entre os seres humanos.

Esforzo e interese para evitar os castelanismos.

Coidado na planificación e execución dos propios textos, revisión e autocorrección.

Defensa do ser humano por riba de calquera concepción ou clasificación socioeconómica

Do mesmo xeito promoverá o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Dende esta materia promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 20. Os criterios para avaliar a propia programación

Tratarase de facer unha posta en común entre o profesorado que integra o Departamento sobre o resultado final do modo en que a programación se levou a cabo, así como unha enquisa entre o alumnado para ver se efectivamente se conseguiron as metas propostas con dita programación, tanto no ámbito da adquisición de coñecementos teóricos e prácticos, como na realización con éxito das actividades propostas.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica

proponse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

| ASPECTOS A AVALIAR | A DESTACAR… | A MELLORAR… | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|---|---|---|---|
| Temporalización | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos | | | |
| Realización de tarefas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Atención á diversidade | | | |
| Interdisciplinariedade | | | |

## 21. Rúbricas para a atención á diversidade. Outras táboas.

Para axudarnos a avaliar o tratamento da diversidade individual, así como tamén o tratamento da diversidade do grupo, pódense utilizar as dúas rúbricas seguintes:

### a. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE INDIVIDUAL

| TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL | | MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE | Concreción |
|---|---|---|---|
| **DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN** | Non ten ningunha dificultade para entender os contidos. | Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade. | |
| | Entende os contidos, pero, por veces, resúltanlle difíciles. | Seleccionar os contidos significativos de acordo coa súa realidade. | |
| | Ten dificultades para entender os contidos que se propoñen. | Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓNE DESENVOLVEMENTO** | Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades). | Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades. | |
| | Ten pequenas dificultades. | Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo coas capacidades que se vaian adquirindo. | |
| | Ten dificultades. | Seleccionar aquelas tarefas de acordo coas capacidades do alumnado que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos. | |
| **DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN** | Mostra un grande interese e motivación. | Seguir potenciando esta motivación e interese. | |
| | O seu interese e motivación non destacan. | Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas. | |
| | Non ten interese nin motivación. | Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade. | |
| **DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN** | Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección. | Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita. | |

**REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE**

| | INDICADORES | VALORACIÓN |
|---|---|---|
| **SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE** | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | |
| | 3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela. | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | |
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | |
| | 6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos. | |
| | 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | |
| | 8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. | |

| | | |
|---|---|---|
| | 9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | |
| | 10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc. | |
| | 11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais. | |

| **AVALIACIÓN INICIAL** | |
|---|---|
| **A expresión oral e escrita** pódese apreciar a través de lecturas e redaccións . | |
| **Actitudes,** interese, tolerancia, respecto... | |
| **Estratexias de aprendizaxe** realización de sínteses, guións, uso do dicionario... | |
| **Hábitos de traballo** limpeza**,** interese, regularidade, esforzo... | |

**RÚBRICAS DE SEGUIMENTO**

| **CADERNO** | | | NOTAS (Ben-Reg.-Mal) |
|---|---|---|---|
| PRESENTACIÓN | portada, datos persoais, títulos, datas, nº de temas exercicios... | Letra, marxes, limpeza, ortografía... | |
| CONTIDO | Completo, correccións, esquemas, repaso... | | |

| **LECTURAS** | | NOTAS |
|---|---|---|
| LÉXICO | Comprende, usa o dicionario para ampliar... | |
| COMPRENSIÓN | Entende, identifica o tema, ideas fundamentais... | |
| PERSONAXES | Identifica principais, secundarios, as súas relacións e evolución, sabe describilos... | |
| SITUACIÓN | Coñece a situación, as tramas, establece coñexións... | |
| RESUMO | Sintetiza e redacta con palabras propias | |

| **EXPRESIÓN ORAL** | | NOTAS |
|---|---|---|
| VOZ | Ton alto e claro, sen atrancos nin repeticións | |

| | | |
|---|---|---|
| CONTIDO | Claro, ordenado e preciso | |
| VOCABULARIO | Adecuado, abundante e correcto | |
| GRAMÁTICA | Correcta e variada | |

| **ENTREVISTAS** | | NOTAS |
|---|---|---|
| MOTIVO | Indicar os obxectivos | |
| ENTREVISTADO | Adecuado ao tema | |
| REALIZACION | Presentación, preguntar con soltura, diálogo agradable, despedida | |
| ESTRUTURA | Tipo de entrevista e medios que se usan, lapis e caderno, video, ... | |
| CONTIDO | Esquema, preguntas, orde, cumprir obxectivos | |

| **ESCRITOS**<br><br>NOTAS | | |
|---|---|---|
| PRESENTACIÓN | portada, datos persoais, marxes, letra, limpeza, ortografía | |
| CONTIDO | Tema adecuado, ben estruturado, final con reflexións e conclusión | |

| **EXPOSICIÓN ORAL** | | NOTAS |
|---|---|---|
| PRESENTACIÓN | Saúdo, presentación, tema<br>Fluidez, xestualidade, orde, despedida, preguntas... | |
| CONTIDO | Información e tema correctos<br>Traballada e amena<br>Actividades adecuadas e captación da atención , creativa<br>Usa audiovisuais ( bo manexo TICS),...<br>Corrección lingüística | |

# Anexo I á programación 2021-2022. Actividades

### Actividades complementarias e extraescolares do Departamento

No presente curso escolar realizáranse, sempre que sexa posible, as seguintes actividades extraescolares.

| **ACTIVIDADE** | **TRIMESTRE (previsto)** | **GRUPO** |
|---|---|---|
| Saída literaria a Celanova | 1º | 2º BACH |

| | | |
|---|---|---|
| Saída a Rianxo- Padrón | 2º | 1º BACH |
| Intercambio con Como (Italia) | 2º | 1º BACH |
| Visita ao Parlamento | 1º | 1º ESO |
| Saídas ao teatro | Todos | Todos |
| Charlas con distintos autores | Todos | Todos |

## Anexo II á programación 2022-2023. Libros de lectura

Traballarase cunha listaxe ampla de obras de lectura que poderá ser modificada ou consensuada entre as diferentes profesoras da materia ou individualizadamente con cada alumno/a no caso de que teña lecturas xa lidas ou que manifeste interese por ler outras diferentes das propostas.

### Libros de lectura 1º da ESO

*Escarlatina, a cociñeira defunta*, Ledicia Costas

*Tonecho de Rebordechao*, Breogán Riveiro.

*Lúa de Senegal,* Agustín Fernández Paz

As meigas de Lupa, María Solar

Corredora, María Reimóndez

*Palabras de auga*, Marcos Calveiro

Palabras de Caramelo, Gonzalo Moure

No corazón do bosque, Agustín Fernández Paz

Ith, Silvestre Gómez.

Chamádeme Simbad, Francisco Castro

O castañeiro de abril; A. Fraga

O raio veloz; Fernández Paz, Agustín

Poemar o mar; García Teijeiro

*O achado do castro*, Núñez Singala

*A folla azul*, Andrea Maceiras

## Libros de lectura 2º da ESO

Cartas de inverno, Agustín Fernández Paz

Atranco no banco; Núñez Singala

Unha estrela no vento, Ledicia Costas

Asústate, Merche, Fina Casalderrey

Jules Verne e as mulleres planta, Ledicia Costas

Rapazas, Agustín Fernández Paz

A banda sen futuro, Marilar Aleixandre

Be water; Antía Yañez

## Libros de lectura 3ºESO

Irmán do vento, Manuel Lourenzo.

Flor de area, Manuel Lourenzo

Pel de lobo, Xosé Miranda

Tristes armas, Marina Mayoral

Cartas de amor, Fran Alonso

O corazón de Xúpiter, Ledicia Costas

Os biosbardos, E. Blanco Amor

Makinaria; Penúltimas tendencias, Carlos Negro

Os nenos da varíola, María Solar

Mentira, Care Santos

Fóra do normal, María Reimóndez

A ira dos mansos, Manuel Esteban

O que sei do silencio; A. Maceiras

Escolma de poesía ou Divino Sainete

En todos os cursos pódense facer lecturas voluntarias que serán avaliadas oralmente ou con comentarios persoais do alumnado sumando ata 0,5 puntos

## Libros de lectura 4º ESO

1º trimestre: Os dous de sempre / Os vellos non deben de namorarse, Castelao.

Lecturas voluntarias que poderán ser avaliadas oralmente ou con comentarios persoais do alumnado sumando ata 0,5 puntos, obras que coincidan cos autores da programación.

Na 2ª e 3ª avaliacións poderáselle ofrecer unha selección para facer un traballo guiado ou exame, a escoller entre varios libros e xéneros propostos. E teranse en conta as novidades que vaian aparecendo tanto de ficción como de libro informativo en lingua galega de calquera temática, sempre que sexa consensuado entre alumnado e profesora.

A cabeza de Medusa, Marilar Aleixandre

A comedia bífida, Manuel Núñez Singala.

Á lus do candil, Anxel Fole.

A nosa cinza, Xabier Alcalá.

Aire negro, Agustín Fernández Paz

Anagnórise, Mo Vitoria Moreno

Arnoia, Arnoia, Méndez Ferrín.

Dos arquivos do trasno, R. Dieste

Fóra do normal de María Reimóndez

Made in Galiza, Séchu Sende

Morning Star, Xosé Miranda.

Os fillos do mar, Pedro Feijoo

Poetízate, Fran Alonso

Teño ata as 10, Francisco Castro

Vento ferido, Carlos Casares.

## 1º de Bacharelato

1º Trimestre, Resistencia, Rosa Aneiros

2º Trimestre. A Esmorga, Eduardo Blanco Amor

3º Trimestre. A memoria da choiva, Pedro Feijoo

Na 2ª e 3ª avaliacións poderáselle ofrecer unha selección para facer un traballo guiado ou exame, a escoller entre varios libros e xéneros propostos. E teranse en conta as novidades que vaian aparecendo tanto de ficción como de libro informativo en lingua galega de calquera

temática, sempre que sexa consensuado entre alumnado e profesora.

Lecturas optativas, puntuarán máximo 0,5:

Poetízate, Fran Alonso

Ollos de auga, Domingo Villar

O club da calceta, María Reimóndez

Carrusel de Berta Dávila

Feliz Idade de Olga Novo

22 segundos de Eva Mejuto

Os fillos do mar de Pedro Feijoo

O anxo negro de Manuel Gago

As rulas de Bakunin de Riveiro Coello

## 2º de Bacharelato

1ª- Made in Galiza, Sechu Sende

2ª O sol do verán, Carlos Casares.

3ª- Senlleiras;  Antía Yañez.

Películas

1º ESO: O soño dunha noite de San Xoán

2º ESO: O bosque animado

A praia dos afogados

3º ESO: Pradolongo

4º ESO: A lingua das bolboretas

O que arde

1º BAC : O apóstolo

A Esmorga

2º BAC: O lapis do carpinteiro

O que arde

## Anexo III Literatura galega do século XX. (2022-202)

**Literatura Galega do século XX e da Actualidade**

**OBXECTIVOS XERAIS**

A través desta materia os alumnos e alumnas poderán desenvolver as seguintes capacidades como resultado do proceso de ensinanza-aprendizaxe:

- Coñecer a creación literaria do século XX e utilizar de forma crítica as fontes bibliográficas e documentais adecuadas para o seu estudio, apreciando a obra literaria como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal.
- Ler e profundar nas obras literarias, identificando nelas nos aspectos formais e temáticos que as individualizan e valorándoas como expresión da sensibilidade do ser humano e da identidade cultural do noso país.
- Comprender a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural no que foi creada e recoñecer nela as influencias literarias e non literarias.
- Valorar a riqueza temática da creación literaria do século XX a través da análise do seu tratamento por diversos autores e mostrar interese pola actividade cultural desenvolvida polos mesmos.
- Establecer relacións entre textos da nosa literatura do século XX e textos da literatura universal, explicando as conexións formais e temáticas existentes entre eles.
- Elaborar traballos de investigación e comentarios literarios de texto sobre algunha obra ou aspecto salientable da mesma, utilizando as fontes de documentación necesarias e emitindo unha opinión persoal crítica e argumentada.

**CONTIDOS**

**1ª Avaliación**

**UNIDADE 1**: **Galicia no cambio de século: A transición do século XIX ao XX**

- Introdución histórica.

- A poesía finisecular: Noriega Varela, Do ermo

Ramón Cabanillas, poesía agrarista

- O teatro e o labor das Irmandades da fala

UNIDADE 2: O Grupo Nós

- Caracterización ideolóxica:

Análise de “Nós, os inadaptados” e “Dos nosos tempos”

Lectura e análise de Arredor de si

- As figuras de Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo.

- Características da obra de Castelao: narrador, artista gráfico, político e dramaturgo.

Análise de: Os vellos non deben de namorarse, Cousas e Retrincos

**UNIDADE 3: As vangardas**

- As vangardas artísticas europeas.

- As vangardas literarias: os manifestos.

- Principais vangardas na poesía galega do primeiro terzo do século XX.

Lectura e análise da obra de Manuel Antonio: De Catro a Catro

Lectura e análise das obras de Rafael Dieste: Dos arquivos do trasno e A fiestra baldeira

**2ª Avaliación**

**UNIDADE 4: A literatura entre a guerra e o exilio. Recuperación cultural de posguerra.**

- Contexto histórico-social: As consecuencias da Guerra Civil.

- A literatura galega de posguerra: o exilio exterior e o interior

Narrativa: Realismo e realismo máxico

Álvaro Cunqueiro, Os outros feirantes

Ánxel Fole: Á lus do candil

Eduardo Blanco Amor, A esmorga

Poesía: Poesía do exilio. Luís Seoane

A xeración do 36: Celso Emilio Ferreiro, Longa noite de pedra

**UNIDADE 5: Novas perspectivas literarias**

- Contexto histórico e social (1960-1980)

- A nova narrativa galega: O experimentalismo

Carlos Casares: Vento ferido

- Xosé Neira Vilas: Memorias dun neno labrego

- Poesía: A xeración de enlace:

Uxío Novoneyra, Os eidos

A xeración das Festas Minervais:

Méndez Ferrín: Con pólvora e magnolias

- Teatro: Álvaro Cunqueiro, O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca e Se o vello Simbad volvese às illas

**3ª Avaliación**

**UNIDADE 6: A literatura galega dende 1980 ata hoxe.**

- O contexto histórico e social a partir dos anos 80
- Poesía: As xeracións poéticas desde os anos 80 á actualidade
- A poesía galega nos fins do século XX e século XXI
- Narrativa: Principais liñas temáticas e autores actuais
- Teatro: Novas propostas creativas até a actualidade

Obras a escoller:

Teatro- Atraco no banco de Manuel Núñez Singala e Voaxa e Carmín de Esther Carrodeguas

Poesía – Feliz idade de Olga Novo (Premio Nacional de poesía 2020), Selección e traballo sobre a compilación Poetízate.

Narrativa- Selección de textos de obras narrativas actuais. Traballo sobre unha obra narrativa actual.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Relacionar textos da nosa literatura con outros de literaturas distintas, observando as posibles influencias e distinguindo as notas peculiares da nosa cultura literaria.

Corrección ortográfica e gramatical na elaboración de textos escritos. Valorarase, así mesmo, a coherencia e cohesión textuais.

Correcta expresión oral, coherente e fluída, na presentación oral de traballos teóricos e comentarios de texto.

Ler textos representativos da creación literaria do século XX e ser capaces de interpretalos dentro do seu contexto histórico e sociocultural.

Profundar no Comentario de textos: analizar textos reflexionando sobre a súa técnica, sobre os recursos estilísticos e técnicos e sobre a interrelación do contido coa forma.

Recoñecer en textos de diferentes autores a presencia dunha mesma temática e relacionalos con formulacións anteriores poñendo de relevo as diferencias que os singularizan.

Elaborar traballos sobre obras de creación literaria, explicando as características principais, aportando unha opinión persoal xustificada e utilizando de forma crítica as fontes bibliográficas e documentais adecuadas.

**Sistema de cualificación**

Cualificaranse os seguintes apartados:

a) Observación continua da actividade didáctica. Rexistro persoal de cada alumno/a onde se sinale o traballo diario, o interese pola materia, o traballo individual tanto na clase como fóra dela e tamén na aula virtual ou na entrega de tarefas telemáticas, as achegas realizadas aos traballos en grupo, etc.

b) Traballo en clase. Avaliaranse os exercicios, resumos, esquemas, comentarios, investigacións… que estarán reflectidas nos cadernos de clase.

A porcentaxe de cada un destes apartados será a seguinte:

| **Avaliación** | **Instrumentos de avaliación** |
|---|---|
| **Preparación e exposición dun traballo por avaliación sobre o contido da materia** (comentarios literarios escritos, exposicións orais e traballos de investigación): 40% | Probas escritas, exposicións orais e traballos de investigación.<br>Rúbricas |

| | |
|---|---|
| **Entregas de tarefas semanais**: comentarios literarios escritos, comentarios orais sobre os textos e materiais propostos na aula e pequenos traballos de investigación ou tarefas de escrita creativa: 30%<br><br>**Traballo diario:** participación activa nas sesións da materia (participación oral, comentarios de texto orais e/ou escritos): 30% | Observación directa. Control e revisión de comentarios e traballos orais e escritos.<br><br>Rúbricas |

Terase en conta o uso oral do idioma, a participación e colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística e outras actividades de promoción da lingua e da lectura, así como o traballo realizado na casa e na aula.

**Poderá sumarse á nota un 10% adicional para lecturas voluntarias, sempre que se chegue ao 5 na cualificación global.**

Anexo 1 Decreto 86/2015

| | Literatura Galega do Século XX e da Actualidade. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Aspectos comúns | | | |
| 1. b<br>2. d<br>3. e<br>4. p | 5. B1.1. Lectura e interpretación de textos significativos do século XX e da actualidade, descrición neles dos aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoración destes como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia. | 6. B1.1. Ler e interpretar textos significativos do século XX e da actualidade, identificar neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoralos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia. | 7. LGSXX1.1.1. Le e interpreta textos significativos do século XX e da actualidade, identifica neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valóraos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia. | 8. CCL<br>9. CCEC |
| 10. n<br>11. e<br>12. p | 13. B1.2. Análise dos elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como da estrutura e a técnica que os sustentan. | 14. B1.2. Analizar os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan. | 15. LGSXX1.2.1. Analiza e describe os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan. | 16. CCL<br>17. CCEC |
| 18. e<br>19. h | 21. B1.3. Estudo da relación entre a obra | 22. B1.3. Estudar a relación entre a obra | 23. LGSXX1.3.1. Estuda e describe a | 24. CCL<br>25. CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 20. p | literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecemento das influencias literarias e non literarias presentes nela. | literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecer as influencias literarias e non literarias presentes nela. | relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñece as influencias literarias e non literarias presentes nela. | |
| 26. e<br>27. h<br>28. p | 29. B1.4. Valoración da pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores. | 30. B1.4. Valorar a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores. | 31. LGSXX1.4.1. Valora e describe a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores. | 32. CCL<br>33. CCEC |
| 34. e<br>35. h<br>36. p | 37. B1.5. Análise da relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e descrición das conexións formais e temáticas existentes entre eles. | 38. B1.5. Analizar a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e explicar as conexións formais e temáticas existentes entre eles. | 39. LGSXX1.5.1. Analiza e describe a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e explica as conexións formais e temáticas existentes entre eles. | 40. CCL<br>41. CCEC |
| 42. e<br>43. h<br>44. p | 45. B1.6. Estudo da relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e descrición de influencias e hibridacións. | 46. B1.6. Estudar a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e describir influencias e hibridacións. | 47. LGSXX1.6.1. Estuda e describe a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e describe influencias e hibridacións. | 48. CCL<br>49. CCEC |
| 50. e<br>51. h<br>52. l<br>53. p | 54. B1.7. Elaboración de traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias e cunha opinión persoal argumentada. | 55. B1.7. Elaborar traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada. | 56. LGSXX1.7.1. Elabora traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emite unha opinión persoal argumentada. | 57. CCL<br>58. CCEC |
| 59. e<br>60. h<br>61. p | 62. B1.8. Creación de textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade. | 63. B1.8. Crear textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade. | 64. LGSXX1.8.1. Crea textos de intención literaria nos que ten presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade. | 65. CCL<br>66. CCEC |
| | Bloque 2. Narrativa | | | |
| 67. d<br>68. e<br>69. h<br>70. p | 71. B2.1. Análise da narrativa galega do século XX e da actualidade, e descrición dos seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | 72. B2.1. Analizar a narrativa galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os contextos e as influencias. | 73. LGSXX2.1.1. Analiza a narrativa galega do século XX e da actualidade, e determina os seus paradigmas, os contextos e as influencias. | 74. CCL<br>75. CCEC |
| | | | 76. LGSXX2.1.2. Comenta e compara textos narrativos da literatura galega do século XX e da actualidade, e describe a | 77. CCL<br>78. CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística. | |
| 79. d<br>80. e<br>81. h<br>82. p | 83. B2.2. Estudo do relato e descrición das súas principais características: estrutura, técnicas e extensión. | 84. B2.2. Estudar o relato e sinalar as súas principais características: estrutura, técnicas e extensión. | 85. LGSXX2.2.1. Analiza o relato e sinala as súas principais características: estrutura, técnicas e extensión. | 86. CCL<br>87. CCEC |
| 88. d<br>89. e<br>90. h<br>91. p | 92. B2.3. Estudo da novela e descrición dos seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo. | 93. B2.3. Estudar a novela e describir os seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo. | 94. LGSXX2.3.1. Analiza a novela e describe os seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo. | 95. CCL<br>96. CCEC |
| | Bloque 3. Poesía | | | |
| 97. d<br>98. e<br>99. h<br>100. p | 101. B3.1. Análise da poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | 102. B3.1. Analizar a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | 103. LGSXX3.1.1. Analiza a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | 104. CCL<br>105. CCEC |
| | | | 106. LGSXX3.1.2. Comenta e compara textos poéticos da literatura galega do século XX e da actualidade e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística. | 107. CCL<br>108. CCEC |
| 109. d<br>110. e<br>111. h<br>112. p | 113. B3.2. Estudo do fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos. | 114. B3.2. Estudar o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos. | 115. LGSXX3.2.1. Describe o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período e describe temas e motivos. | 116. CCL<br>117. CCEC |
| 118. d<br>119. e<br>120. h<br>121. p | 122. B3.3. Estudo da forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento). | 123. B3.3. Estudar a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento). | 124. LGSXX3.3.1. Analiza a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período e describe o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento). | 125. CCL<br>126. CCEC |
| | Bloque 4. Teatro | | | |
| 127. d<br>128. e<br>129. h<br>130. p | 131. B4.1. Análise do teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | 132. B4.1. Analizar o teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | 133. LGSXX4.1.1. Analiza o teatro galego do século XX e da actualidade e determina os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | 134. CCL<br>135. CCEC |
| | | | 136. LGSXX4.1.2. Comenta e compara textos teatrais da literatura galega | 137. CCL<br>138. CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | do século XX e da actualidade, e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística. | |
| 139. d<br>140. e<br>141. h<br>142. p | 143. B4.2. Análise do teatro desde a súa compoñente literaria e caracterización da traxedia, a comedia e o drama do período. | 144. B4.2. Analizar o teatro desde a súa compoñente literaria e caracterizar a traxedia, a comedia e o drama do período. | 145. LGSXX4.2.1. Analiza o teatro desde a súa compoñente literaria e caracteriza a traxedia, a comedia e o drama do período. | 146. CCL<br>147. CCEC |
| 148. d<br>149. e<br>150. h<br>151. p | 152. B4.3. Análise do teatro como espectáculo e descrición do funcionamento dos elementos e axentes escénicos. | 153. B4.3. Analizar o teatro como espectáculo e describir o funcionamento dos elementos e axentes escénicos. | 154. LGSXX4.3.1. Analiza o teatro como espectáculo e describe o funcionamento dos elementos e axentes escénicos. | 155. CCL<br>156. CCEC |
| | Bloque 5. Ensaio | | | |
| 157. d<br>158. e<br>159. h<br>160. p | 161. B5.1. Análise do ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | 162. B5.1. Analizar o ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | 163. LGSXX5.1.1. Analiza o ensaio galego do século XX e da actualidade e determina os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. | 164. CCL<br>165. CCEC |
| 166. d<br>167. e<br>168. h<br>169. p | 170. B5.2. Análise de diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias. | 171. B5.2. Analizar diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias. | 172. LGSXX5.2.1. Analiza diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias. | 173. CCL<br>174. CCEC |
| 175. d<br>176. e<br>177. h<br>178. p | 179. B5.3. Análise de diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas. | 180. B5.3. Analizar diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas. | 181. LGSXX5.3.1. Analiza diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas. | 182. CCL<br>183. CCEC |
| | Bloque 6. A literatura e outras artes | | | |
| 184. d<br>185. e<br>186. h<br>187. p | 188. B6.1. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine. | 189. B6.1. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine. | 190. LGSXX6.1.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine. | 191. CCL<br>192. CCEC |
| 193. d<br>194. e<br>195. h<br>196. p | 197. B6.2. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música. | 198. B6.2. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música. | 199. LGSXX6.2.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música. | 200. CCL<br>201. CCEC |
| 202. d<br>203. e<br>204. h<br>205. p | 206. B6.3. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas. | 207. B6.3. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas. | 208. LGSXX6.3.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas. | 209. CCL<br>210. CCEC |
| 211. d<br>212. e<br>213. h<br>214. p | 215. B6.4. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía. | 216. B6.4. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía. | 217. LGSXX6.4.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía. | 218. CCL<br>219. CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 220. d<br>221. e<br>222. h<br>223. p | 224. B6.5. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada. | 225. B6.5. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada. | 226. LGSXX6.5.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada. | 227. CCL<br>228. CCEC |
| 229. d<br>230. e<br>231. h<br>232. p | 233. B6.6. Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías. | 234. B6.6. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías. | 235. LGSXX6.6.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías. | 236. CCL<br>237. CCEC |

**METODOLOXÍA E CUALIFICACIÓN NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL OU ON LINE**

Se as circunstancias sanitarias fosen tan adversas que imposibilitasen a impartición da materia con normalidade mediante clases presenciais, sería necesario un cambio metodolóxico que pasamos a especificar:

**Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia**

**Clases semipresenciais**

O soporte, tanto teórico como práctico, estaría a disposición do alumnado a través da plataforma educativa da Aula Virtual do centro.

Aproveitaríanse as clases de asistencia presencial para explicar os aspectos teóricos básicos, así como para a resolución de dúbidas que puideran xurdir tanto nas cuestións teóricas como nas cuestións prácticas que se foron realizando ao longo da(s) semana(s).

**Clases telemáticas a distancia:**

No suposto de que as clases presenciais tivesen que suspenderse durante algún período significativo, realizaríase o traballo a través dos medios telemáticos postos á nosa disposición pola Consellería: a plataforma da Aula Virtual sería o soporte prioritario, pero podería utilizarse tamén o contorno Webbex no caso de que se necesitara realizar videoconferencias. Tamén se fará uso do correo corporativo e a plataforma Abalar para posibles comunicacións se fose necesario.

Neste escenario sería aconsellable a redución de contidos teóricos, dependendo do que se prolongase esta situación, e o reforzo da teoría que se traballou durante o tempo que houbo clases presenciais.

Por último, no caso de que algún/ha alumno/a tivese que gardar corentena, actuaríase con el/ela do xeito explicado neste apartado durante o período no que non puidese asistir á clases.

| | Oratoria. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | xénero elixido.<br>▪ B2.5. Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. | | características do modelo ou xénero elixido. | ▪ CSC |
| | | | ▪ ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B2.6. Documentación e investigación. Alfabetización mediática.<br>▪ B2.7. Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.<br>▪ B2.8. Estratexias de procura. | ▪ B2.3. Identificar e manexar fontes documentais. | ▪ ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B2.9. Xestión da información. | ▪ B2.4. Obter e organizar a información para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación. | ▪ ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.10. Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.). | ▪ B2.5. Seleccionar as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz. | ▪ ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.11 Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. | ▪ B2.6. Empregar recursos propios da argumentación. | ▪ ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.12. Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. | ▪ B2.7. Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz. | ▪ ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B2.13. Textualización do discurso.<br>▪ B2.14. Coherencia e cohesión.<br>▪ B2.15. Corrección lingüística.<br>▪ B2.16. Figuras retóricas: metáfora, paralelismo, antítese, interrogación retórica, etc. | ▪ B2.8. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva. | ▪ ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Oratoria. 1º/2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | xénero elixido.<br>▪ B2.5. Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. | | características do modelo ou xénero elixido. | ▪ CSC |
| | | | ▪ ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B2.6. Documentación e investigación. Alfabetización mediática.<br>▪ B2.7. Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.<br>▪ B2.8. Estratexias de procura. | ▪ B2.3. Identificar e manexar fontes documentais. | ▪ ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información. | ▪ CCL |
| | | | ▪ ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B2.9. Xestión da información. | ▪ B2.4. Obter e organizar a información para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación. | ▪ ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.10. Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.). | ▪ B2.5. Seleccionar as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz. | ▪ ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.11 Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. | ▪ B2.6. Empregar recursos propios da argumentación. | ▪ ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.12. Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. | ▪ B2.7. Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz. | ▪ ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B2.13. Textualización do discurso.<br>▪ B2.14. Coherencia e cohesión.<br>▪ B2.15. Corrección lingüística.<br>▪ B2.16. Figuras retóricas: metáfora, paralelismo, antítese, interrogación retórica, etc. | ▪ B2.8. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva. | ▪ ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

## ANEXO IV

## PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE
## 2ª LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS 2º ESO

## A. PRESENTACIÓN / INTRODUCIÓN

### 1. CONTEXTUALIZACIÓN: A MATERIA DE PORTUGUÉS NO CENTRO

No curso académico, 2020-2021 botou a andar a materia de Lingua Portuguesa como segunda lingua estranxeira nun grupo de 1º ESO, coa ambición de darlle continuidade nos vindeiros cursos até chegar a todos os niveis educativos. No actual curso académico existen tres grupos que cursan esta materia en 1º, 2º e 3º ESO.

A oferta do Portugués como 2ª lingua estranxeira partiu dunha proposta do Departamento de Lingua Galega presentada en CCP e ao Claustro no curso pasado. O feito de chegar como definitiva ao centro unha profesora coa dobre especialidade abriu a posibilidade de ampliar a oferta educativa do instituto en canto ás linguas estranxeiras.

Tendo en conta o achegamento da lingua portuguesa á galega, vimos conveniente a apertura dunha materia de libre configuración e presentamos desde o Departamento de Lingua Galega este documento que se entregou á Dirección e que se resumiu no claustro.

**1. LEI PAZ ANDRADE DA XUNTA DE GALICIA**
Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (DOG, 08/04/2014) da Xunta de Galicia.

Xorde despois dunha Iniciativa Lexislativa Popular. Cando foi enviada ao Parlamento, en 2012, a iniciativa contaba con 17.000 sinaturas e foi aprobada por unanimidade en 2014.

**Motivos recollidos na propia lei:**

> *Valorizar o galego como unha* ***lingua con utilidade internacional****.*
>
> *Lembrar que o portugués nacido na Gallaecia* ***é unha das linguas máis faladas en catro continentes e a máis falada no Hemisferio Sur.***

*É preciso fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo de que **empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística**, un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial dun país veciño, tendo en conta tamén o papel de bloques como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa.*

*A lingua propia de Galicia outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega en moitas vertentes, nomeadamente na **cultural**, pero tamén na **económica**. Por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é próxima e nos concede unha grande **proxección internacional.***

**Artigos da lei relacionados co ensino:**

*Artigo 2. O Goberno galego **incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino.***

A publicación desta lei permite a posibilidade de **ofrecer o portugués como unha das linguas estranxeiras** dos centros se houber profesorado especializado.

Neste caso contamos cunha **profesora con praza definitiva que é dobre especialista,** pois adquiriu a mudanza de especialidade para a especialidade de Portugués no único concurso convocado pola Xunta de Galicia en 2019.

Por tanto, non habería que solicitar profesorado externo ao centro para impartir a docencia de Portugués, lingua estranxeira.

**Distribución horaria na Educación Secundaria**

2ª Lingua estranxeira na Secundaria

2 h en 1º,2º e 3º da ESO

3 h en 4º da ESO

2 h en 1º e 3 en 2º Bach

Mesmo o decreto que desenvolve a LOMCE no sistema educativo galego recolle entre os **obxectivos da ESO un vinculado coa lusofonía.**

8. **Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá**, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura

9. Comprender e expresarse **nunha ou máis linguas estranxeiras** de maneira apropiada.

14. **Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia**, e como medio de relación interpersoal e **expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe**, que permite a

comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á **comunidade lusófona**.

**O galego facilita a aprendizaxe do portugués, mais tamén a aprendizaxe do portugués mellora a competencia no galego, tanto para alumnado castelán como galego falante.**

Na actualidade, hai 6 veces máis estudantes de portugués na Estremadura que en Galicia (19.000 sumando Primaria, Secundaria e EOI), que hai anos apostou por promover o portugués como segunda lingua estranxeira, xa que lles ofrece enormes vantaxes laborais aos seus habitantes. Esta Lei Paz Andrade axuda a non desaproveitar **a vantaxe que o alumnado de Galicia ten para poder converterse en potencialmente trilingüe** con pouco esforzo.

No caso de Galicia tanto laboralmente como por posibilidades de viaxes, o noso alumnado ten moitas probabilidades de adquirir rápido unha boa competencia comunicativa con pouco esforzo e atopar na nosa propia cidade da Coruña, nas redes e no veciño Portugal contextos reais de uso da 5ª lingua máis falada do mundo.

A propia administración galega está a apostar a través de programación da TVG2 nunha liña de audiovisual que combina o portugués co galego e mesmo con series xuvenís que se poden seguir no propio portugués, o que vén a incrementar a oferta de recursos de interese, especialmente deseñados para a mocidade coa que se contaría (audiovisual, internet...).

Por outra banda, a presenza do portugués como lingua empregada na nosa cidade ten aumentado nos últimos anos co incremento de inmigrantes procedentes de espazos lusófonos ou coa volta de descendentes de emigrantes retornados, maioritariamente do Brasil. E xa temos unha porcentaxe de alumnos/as con familias de lingua materna lusófona e/ou alumnado de lingua materna portuguesa, que mesmo pode continuar a medrar.

## 2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E ADAPTACIÓNS NECESARIAS

De partida, contamos que a maioría do alumnado teña unha competencia comunicativa media, tanto no aspecto lingüístico, sociolingüístico como pragmático, xa que se comparte un ámbito sociolingüístico moi similar.

7. Revistas, panfletos de diferentes temáticas (cociña, deportes...) para que lean textos apoiados de imaxes
8. Textos reais ou inventados, en papel ou formato dixital, que sirvan de mostra de: notas breves, postais, cartas informais, menús, listas de prezos...
9. Actividades específicas, en papel ou formato dixital, para aqueles contidos sintáctico-discursivos que sexa preciso traballar á marxe das actividades comunicativas.

10. Xogos de temática lingüística e cultural que se atopan na rede.

## G. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

### 1) Deseño da avaliación inicial

Na primeira semana do curso realizaranse actividades de comprensión oral e escrita adaptadas ao nivel, ademais de cuestionarios sobre distintos aspectos da lingua e da cultura dos pobos lusófonos.

En base aos resultados tomaranse as decisións oportunas con respecto ás pautas didácticas a seguir no curso.

### 2) Criterios de avaliación

A avaliación do alumnado deberá ser continua, nun proceso no que a súa propia participación (a autoavaliación) terá un papel importante. Atenderase ao desenvolvemento de capacidades e ao esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido, así como á consecución dos obxectivos propostos.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas), así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nos niveis de "debutante" a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos os xeitos, dado que no contexto escolar é necesaria unha avaliación sumativa, estabelecemos os seguintes criterios:

- A **comprensión oral** avaliarase cunha proba de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, situar obxectos no espazo, identificar obxectos ou imaxes e identificar e saber responder ás mensaxes da profesora ou dos compañeiros/as.
- A **expresión oral** avaliarase na actividade de aula, nas interaccións cos compañeiros e compañeiras e coa profesora. Pode tamén estabelecerse unha proba específica individual, atendendo aos obxectivos de cada unidade: saber presentarse, dicir onde se vive, falar da familia, etc., na que se avaliará a corrección formal, a pronunciación e a soltura; en resumo, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente. Estes datos serán rexistrados, e servirán como ficheiro de datos durante o curso para recoller a progresión do alumnado en cada unha das destrezas.

- A **comprensión escrita** avaliarase tamén con exercicios adecuados a cada nivel: lectura de diferentes textos, descubrir erros, completar imaxes con texto, sinalar persoas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos etc.
- A **expresión escrita** avaliarase con exercicios a través dun modelo (enquisa, pregunta-resposta, fichas,…), redacción de textos sinxelos (descricións, cartas ou correos electrónicos,…), adecuados a cada nivel
- A **reflexión sobre a lingua** avaliarase tamén con exercicios de pregunta-resposta, encher ocos, separar palabras, completar frases a partir de imaxes etc

**3) Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación**

O alumnado será cualificado en base aos criterios de avaliación que dita a lexislación e que se concretarán en diferentes instrumentos de cualificación deseñados para cada bloque de contidos e que se especifican abaixo, pero que se resumen en: por un lado, **Probas escritas e orais** (nas que o alumnado vai ter que demostrar as súas destrezas a nivel de expresión e comprensión, así como o coñecemento plurilingüe que posúa) e, por outro lado, mediante a observación directa, o **Traballo diario na aula** no que se avaliarán tamén destrezas sobre todo de expresión e comprensión, pero ademais, aqueles estándares menos lingüísticos.

Tanto un instrumento coma o outro vanse concretar para cada bloque de contidos; estes van ter un peso porcentual ponderado, existindo unha diferenza grande no último deles debido a que os seus contidos se avalían maioritariamente dentro dos outros bloques, especialmente dos de Produción de textos orais e de Produción de textos escritos. A ponderación queda do seguinte xeito:

*Comprensión de textos orais: 20%*

*Produción de textos orais: 25%*

*Comprensión de textos escritos: 20%*

*Produción de textos escritos: 30%*

*Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe: 5%*

A **nota de cada avaliación** será, polo tanto, o resultado de sumar as notas parciais ponderadas de cada un dos bloques.

**4) Mínimos esixíbeis**

| | Segunda Lingua Estranxeira. Português. 2º ESO | | |
|---|---|---|---|
| | | | |
| Obxectivos | Contidos | Estándares de aprendizaxe | MÍNIMOS ESIXÍBEIS |
| **Bloque 1. Comprensión textos orais** | | | |
| a, c, d, i | B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>– Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema<br>– Identificación de palabras clave.<br>–Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).<br>–Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>–Inferencia do significado probábel das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos dende as linguas que coñece á lingua estranxeira. | SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | Comprender preguntas sobre os datos persoais e educativos (e responde axeitadamente). |
| a, c, d, i | B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. | SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. | > Seguir correctamente as instrucións e consignas de aula que se reciben oralmente: coller un determinado material, buscar no dicionario unha palabra, iniciar unha tarefa…<br>>Recoñecer cifras, cores e formas cando se están mencionando na clase ou en medios audiovisuais. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| a, c, d, i | B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. | ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | Percibir a información máis importante dos textos que se escoitan se neles aparece o léxico estudado na aula. Por exemplo, unha receita sinxela despois de estudar os alimentos. |
| a, c, d, i | B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). | SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. | Entender, nunha conversa con outras persoas, xeneralidades sobre a escola, a familia, o lugar de residencia, as afeccións... |
| **Bloque 2. Produción textos orais** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| a, c, d, i | B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción<br>>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa<br>– Execución:<br>>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.<br>>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>>Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.<br>>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos<br>– Lingüísticos:<br>>Modificación de palabras de significado parecido.<br>>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.<br>>Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta<br>>Petición de axuda.<br>– Paralingüísticos:<br>>Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. | SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | Esforzarse por usar a lingua portuguesa nas actividades de aula, aínda que se precise axuda para facelo. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | >Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal)<br>>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo | | |
| a, c, d, i | B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. | SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | Demostrar coa lingua oral, con preguntas ou comentarios, que se comprendeu o que se escoitou e se estudou na clase. |
| a, c, d, i | B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas. | SLEB2.3.1 Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | Expresar contidos cotiáns como a data, o estado da aula, a forma dos obxectos que se ven no contorno escolar, a vestimenta, o material escolar... |
| | | ▪ SLEB2.3.2.1 Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que estabelece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. | Pedir e dar indicacións sinxelas propias de situacións habituais como a orientación xeral cara a un enderezo determinado. |
| | | SLEB2.3.2.2 Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con | Saber presentarse, proporcionando os datos básicos (nome, residencia, idade, teléfono...) e saber explicar brevemente as preferencias e afeccións propia<br>Utiliza as formas de |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións |
| **Bloque 3. Comprensión textos escritos** | | | |
| a, c, d, i | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais)<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>–Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | Comprender textos adaptados ó seu nivel |
| | | SLEB3.1.2 Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | Comprender avisos, prohibicións, indicacións, consignas, etc. apoiadas en elementos visuais ou, se son moi explícitas, apoiadas simplemente na lingua escrita. |
| | | SLEB3.1.3 Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | Entender correspondencia persoal básica na que se tratan temas cotiáns e propios da súa idade. |
| | | SLEB3.1.4 Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos | Loalizar información específica en textos habituais na vida diaria: menús, horarios, folletos promocionais... |
| a, c, d, i | B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. | SLEB3.2 Comprende e emprega a grafía e pronuncia correspondente ao modelo lingüístico | Empregar as grafías correspondentes |
| **Bloque 4. Produción textos escritos** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| a, c, d, i | B4.1. Estratexias de produción:<br>–Planificación:<br>>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir etc.)<br>>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda etc.)<br>>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>>Estruturación do contido do texto.<br>>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>>Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben" etc.).<br>– Revisión:<br>>Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra etc.).<br>>Reescritura definitiva. | ▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | Redactar, con axuda de modelos, textos sinxelos (traballados previamente na clase), como o menú completo dun día |
| | | SLEB4.1.2 Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). | Saber completar cuestionarios nos que se formulen preguntas sobre datos persoais e afeccións. |
| | | SLEB4.1.3 Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. | Elaborar listas co léxico que se estudou na aula (da compra; do material escolar; da roupa para unha viaxe...) e escribir felicitacións e ilustralas |
| | | SLEB4.1.4 Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | Redactar correspondencia postal con claridade e expresividade. |

| Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe | | | |
|---|---|---|---|
| a, c, d, i, o | B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>–Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. | SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | Distinguir oralmente todos os sons do portugués e as súas correspondentes grafías na escrita, nomeadamente a nasalidade, consoantes guturais e palatalización. |
| a, c, d, i, o | B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>–Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. | SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc | Saber saudar e despedirse, así como saber usar as normas de cortesía básicas en diferentes situacións da vida cotiá (permiso, petición de indicacións...). |
| a, c, d, i, o | B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>–Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. | SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Adiantarse mediante hipóteses ao signficado das palabras estudadas na aula apoiándose nas linguas que xa coñece (galego e castelán). |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | –Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. | | |
| a, c, d, i, o | B5.4. Plurilingüismo:<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada<br>–Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Mostrar respecto polas diferenzas culturais da Lusofonía. Participar nos proxectos plurilingües de carácter transversal que se organizan no centro |
| a, c, d, i, o | B5.5. Funcións comunicativas:<br>–Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>–Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>–Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>–Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>–Expresión do interese, a aprobación, o aprezo, a satisfacción | SLEB5.5. Produce textos relacionados co propósito comunicativo utilizando un léxico suficiente en función do nivel académico. | Expresar, aínda que sexa de forma sinxela, estados de ánimo e trazos de carácter ou interese polos dos demais. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Estabelecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. | | |
| a, c, d, i, o | B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<br>–Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>–Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo<br>–Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | SLEB5.6. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | Expresar contidos achegados a necesidades da aula de xeito coherente e empregando o léxico básico xa traballado. |

**5) Avaliación final e extraordinaria**

Consideramos que na ESO todo o rexe o principio de avaliación continua e o desenvolvemento das competencias clave, máis alá da aprendizaxe e avaliación de contidos conceptuais. Xa que logo, dende o respecto ao proceso de avaliación continua, non podemos diferenciar as avaliacións con porcentaxes distintas para cada unha, posto que acadar os obxectivos na 3ª avaliación, implica acadar os obxectivos do curso.

Así pois, dende a avaliación inicial até a avaliación final, debemos valorar o percorrido académico do alumnado, atendendo á súa diversidade; polo que debemos realizar unha avaliación individualizada que permita observar en que aspectos o alumno/a precisa mellorar para acadar os obxectivos do curso; en consecuencia, no final de curso, adaptaremos os instrumentos de

avaliación ás necesidades do alumno/a, servíndonos daqueles nos que o alumno/a previamente non obtivera un resultado satisfactorio.
Só se contempla a realización dunha **proba final extraordinaria** a aquel alumnado que por causas xustificadas (enfermidades...) non puidese seguir o normal desenvolvemento das aulas durante o curso.

A **avaliación extraordinaria** de xuño contará cunha **proba escrita** específica na que se realicen exercicios nos que o/a discente dea conta das destrezas de comprensión e expresión escrita, así como dalgúns contidos socioculturais relacionados coas unidades que van estar colgadas na aula virtual. Se for posíbel, tamén terá que enfrontarse a unha **audición** e responder a unhas preguntas sobre comprensión oral. Polo tanto, haberá 3 partes avaliábeis (comprensión oral, comprensión escrita e produción escrita). Cada unha das partes estará valorada nun 33,33%, polo que a nota desta avaliación será a media das notas das tres partes.
Para acadar unha avaliación positiva o alumnado deberá demostrar que acadou todos os estándares que entran nos contidos mínimos.

No caso de termos que desenvolver o ensino na modalidade non presencial, priorizarase o uso da aula virtual para facerlles chegar as tarefas e puntualmente o uso do correo electrónico do alumnado.

A avaliación non sistema non presencial farase co deseño de tarefas de comprensión, expresión oral e comprensión e expresión escrita con entregas con prazos fixados que o alumnado achegará e serán corrixidos pola profesora da materia.

## H. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os **INDICADORES DE LOGRO** mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a *Avaliación do Labor Docente* realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual

### 1.1. Indicadores de logro do proceso de ensino

| INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado. | | | | | |
| 2. As atividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso-grupo | | | | | |
| 3. As atividades para desenvolver a competencia escrita eran axeitadas para o curso-grupo | | | | | |
| 4. Combinouse adecuadamente explicación por parte da profesora e práctica. | | | | | |
| 5. As actividades foron, en xeral, motivadoras | | | | | |
| 6. Combináronse axeitadamente as actividades TIC con actividades tradicionais | | | | | |
| 7 As actividades TIC resultaron motivadoras | | | | | |
| 8. O emprego de música e de vídeos-musicais axudou no proceso de aprendizaxe | | | | | |
| 9. O emprego de filmes axudou no proceso de aprendizaxe | | | | | |
| 10. Os textos escritos e diferentes fichas entregadas axudaban no proceso de aprendizaxe | | | | | |
| 11. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | | |
| 12. Usáronse distintos instrumentos de avaliación para atender aos diferentes aspectos. | | | | | |

### 1.2. Indicadores de logro do proceso de práctica docente.

| DIMENSIÓNS | INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Planificación | 1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro. | | | | | |
| | 4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado. | | | | | |
| | 5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado. | | | | | |
| | 6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. | | | | | |
| | 7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. | | | | | |
| | 8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas). | | | | | |
| | 9. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente. | | | | | |
| DIMENSIÓNS | INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Desenvolvemento | 1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...) | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos. | | | | | |
| | 3. Amosa predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | | | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento das Unidades didácticas. | | | | | |
| | 5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula. | | | | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado. | | | | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | | | | |
| | 8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. | | | | | |
| | 10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,…) | | | | | |
| DIMENSIÓNS | INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Metodoloxía | 1. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe. | | | | | |
| | 2. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 3. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | | | | |
| | 4. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | | | | |
| | 5. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información. | | | | | |
| | 6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave. | | | | | |
| | 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | | | | |
| | 8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. | | | | | |
| | 9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | | | | | |
| | 10. Informa dos resultados aos estudantes e ás súas familias | | | | | |
| DIMENSIÓNS | INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| Motivación do alumnado | 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa. | | | | | |
| | 2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...). | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. | | | | | |
| | 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. | | | | | |
| | 5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado. | | | | | |
| | 6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase. | | | | | |
| | 7. Promove a reflexión sobre os temas tratados. | | | | | |

**I. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

O alumnado coa materia de Portugués de 1º ESO pendente seguirá un programa específico para recuperar a materia que consiste nas entregas de traballos propostos a partir do libro de texto de 1º da ESO e doutras fichas adicionais que se entregarán á profesora da materia **cunha periodicidade mensual ao longo de todo o curso.**

Nos comezos de curso nas aulas de 2º ESO realizaranse actividades de repaso e consolidación dos contidos do curso anterior que lles axudarán a recuperar os contidos e destrezas non adquiridas no curso anterior. O aprobado na materia de 2º ESO pode axudar a aprobar a materia de 1º ESO **sempre e cando fosen entregadas as tarefas propostas.**

**De non ser entregadas as tarefas mensuais propostas, o alumnado terá que examinarse dunha proba extraordinaria nos prazos fixados polo instituto.**

**L. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

**(**Vid G. 1)

Na avaliación inicial detectaranse os problemas, as dificultades, o nivel de coñecementos, de forma

que sexa posíbel reorientar a aprendizaxe en orde a superar as deficiencias. Esta proba de avaliación inicial terá a seguinte estrutura:

- Comprensión escrita. Cuestións relacionadas.
- Comprensión oral. Cuestións relacionadas.
- Cuestións sobre gramática, fundamentalmente sobre morfoloxía e fonoloxía.
- Cuestións socio-culturais sobre os pobos lusófonos.

A partir desta proba, poderemos ver o nivel do alumnado nas destrezas de comprensión oral e escrita. As outras dúas destrezas, expresión oral e escrita, irémolas observando xa dende o inicio do curso. Segundo cales sexan as máis deficitarias, reorientarase o desenvolvemento do currículo. Tamén servirá para diagnosticar posíbeis problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factíbeis dentro da organización docente do centro.

**M. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

No caso do alumnado que requira unha atención especial por problemas cognitivos, adaptaranse medidas segundo as indicacións de orientación. A propia profesora da materia realizará os reforzos educativos na propia aula para o alumnado que o precisar.

**N. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

A formación integral do alumnado realízase mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais que respondan a unha educación en valores como a igualdade, a tolerancia, o respecto, a solidariedade...

Todos estes temas vanse tratar nas diferentes lecturas que se van realizar durante o curso, especialmente escollidas tanto dos medios de comunicación escritos como audiovisuais, e que traten temas da actualidade e de interese para o alumnado.

- Fomentaremos o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa e, sobre todo, por respectalas e valoralas.
- Achegarémonos ás desigualdades socioeconómicas a través de artigos de prensa e textos literarios que reflicten a situación en Portugal, que se contrastará con Galiza, pero tamén en Brasil e Angola.
- Traballaremos co rol da muller nas sociedades africanas, brasileiras, asiáticas (a través das provincias lusófonas de Goa e Macau) contrastando co rol que xoga en Europa.

- Fomentaremos o respecto ao medioambiente a través de vídeos que conciencien sobre a deforestación do Amazonas ou a contaminación en determinadas cidades lusófonas.
- Analizaremos as causas dos conflitos no mundo, sobre todo nos países da lusofonía, incidindo naqueles en que viviron máis recentemente guerras.

**Ñ. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Tendo en conta os acontecementos que estamos a sufrir (situación Covid-19), cremos que as actividades extraescolares poden non ser realizadas, polo que na aula, mediante actividades complementarias celebraremos especialmente efemérides que tamén se homenaxean en Portugal:

- 5 de outubro: Día da República
- 1 de novembro
- Natal
- Pascua
- 25 de abril: Revolução dos Cravos
- 6 de maio: Día da Língua Portuguesa
- 10 de junho: Día de Camões Portugal e das Comunidades Lusófonas

No primeiro trimestre, porémonos en contacto con algún centro educativo do norte de Portugal, para poder realizar unha actividade complementaria: correspondencia postal ou intercambio de videos entre o alumnado dos dous pobos veciños.

Caso de se poderen programar actividades extraescolares, serían:

- Saída(s) a unha vila ou cidade portuguesa de un día (ou varios). Os obxectivos van ser coñecer de primeira man a vida nunha cidade lusófona a través do contacto directo coas súas xentes, feito que lle vai obrigar ao alumnado a interactuar e poñer en práctica o aprendido. Tamén aproveitaremos para coñecer a súa historia e cultura a través dunha visita cultural.
- Asistencia a algunha actividade realizada na cidade que teña relación coa lusofonía.
- Visitas ás aulas de persoas que poidan achegarlles obradoiros ou charlas relacionadas co portugués e a cultura lusófona.

**O. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS**

A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian rematando as diferentes unidades didácticas, pero tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos atopar con determinados contidos que é preciso engadir ou eliminar segundo se vaian desenvolvendo as diferentes unidades.

No momento da revisión, ao detectárense necesidades pasarase a incluír actividades, tanto para potenciar a oralidade, a escrita, ou os contidos socioculturais que vexamos necesarios.

| INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | | |
| 10. Fixación dunha estratexia metodolóxica común co resto de departamentos de linguas (TIL) | | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | | |
| 12. Adecuación das pautas xerais estabelecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 13. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación final | | | | | |
| 14. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | | |
| 15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | | |
| 16. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | | |
| 17. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | | |
| 18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | | |
| 19. Contribución dende a materia ao plan de lectura do centro. | | | | | |
| 20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | | |
| 21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | | |

**ANEXO VI**

## PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE
## 2ª LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS 2º ESO

## A. PRESENTACIÓN / INTRODUCIÓN

### 1. CONTEXTUALIZACIÓN: A MATERIA DE PORTUGUÉS NO CENTRO

No curso académico, 2020-2021 botou a andar a materia de Lingua Portuguesa como segunda lingua estranxeira nun grupo de 1º ESO, coa ambición de darlle continuidade nos vindeiros cursos até chegar a todos os niveis educativos. No actual curso académico existen tres grupos que cursan esta materia en 1º, 2º e 3º ESO.

A oferta do Portugués como 2ª lingua estranxeira partiu dunha proposta do Departamento de Lingua Galega presentada en CCP e ao Claustro no curso pasado. O feito de chegar como definitiva ao centro unha profesora coa dobre especialidade abriu a posibilidade de ampliar a oferta educativa do instituto en canto ás linguas estranxeiras.

Tendo en conta o achegamento da lingua portuguesa á galega, vimos conveniente a apertura dunha materia de libre configuración e presentamos desde o Departamento de Lingua Galega este documento que se entregou á Dirección e que se resumiu no claustro.

**1. LEI PAZ ANDRADE DA XUNTA DE GALICIA**
Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (DOG, 08/04/2014) da Xunta de Galicia.

Xorde despois dunha Iniciativa Lexislativa Popular. Cando foi enviada ao Parlamento, en 2012, a iniciativa contaba con 17.000 sinaturas e foi aprobada por unanimidade en 2014.

**Motivos recollidos na propia lei:**

*Valorizar o galego como unha **lingua con utilidade internacional**.*

*Lembrar que o portugués nacido na Gallaecia **é unha das linguas máis faladas en catro continentes e a máis falada no Hemisferio Sur.***

*É preciso fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo de que **empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística**, un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial dun país veciño, tendo en conta tamén o papel de bloques como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa.*

*A lingua propia de Galicia outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega en moitas vertentes, nomeadamente na **cultural**, pero tamén na **económica**. Por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é próxima e nos concede unha grande **proxección internacional.***

**Artigos da lei relacionados co ensino:**

*Artigo 2. O Goberno galego **incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino.***

A publicación desta lei permite a posibilidade de **ofrecer o portugués como unha das linguas estranxeiras** dos centros se houber profesorado especializado.

Neste caso contamos cunha **profesora con praza definitiva que é dobre especialista,** pois adquiriu a mudanza de especialidade para a especialidade de Portugués no único concurso convocado pola Xunta de Galicia en 2019.

Por tanto, non habería que solicitar profesorado externo ao centro para impartir a docencia de Portugués, lingua estranxeira.

**Distribución horaria na Educación Secundaria**

2ª Lingua estranxeira na Secundaria

2 h en 1º,2º e 3º da ESO

3 h en 4º da ESO

2 h en 1º e 3 en 2º Bach

Mesmo o decreto que desenvolve a LOMCE no sistema educativo galego recolle entre os **obxectivos da ESO un vinculado coa lusofonía.**

8. **Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá**, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura

9. Comprender e expresarse **nunha ou máis linguas estranxeiras** de maneira apropiada.

14. **Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia**, e como medio de relación interpersoal e **expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe**, que permite a

comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á **comunidade lusófona**.

**O galego facilita a aprendizaxe do portugués, mais tamén a aprendizaxe do portugués mellora a competencia no galego, tanto para alumnado castelán como galego falante.**

Na actualidade, hai 6 veces máis estudantes de portugués na Estremadura que en Galicia (19.000 sumando Primaria, Secundaria e EOI), que hai anos apostou por promover o portugués como segunda lingua estranxeira, xa que lles ofrece enormes vantaxes laborais aos seus habitantes. Esta Lei Paz Andrade axuda a non desaproveitar **a vantaxe que o alumnado de Galicia ten para poder converterse en potencialmente trilingüe** con pouco esforzo.

No caso de Galicia tanto laboralmente como por posibilidades de viaxes, o noso alumnado ten moitas probabilidades de adquirir rápido unha boa competencia comunicativa con pouco esforzo e atopar na nosa propia cidade da Coruña, nas redes e no veciño Portugal contextos reais de uso da 5ª lingua máis falada do mundo.

A propia administración galega está a apostar a través de programación da TVG2 nunha liña de audiovisual que combina o portugués co galego e mesmo con series xuvenís que se poden seguir no propio portugués, o que vén a incrementar a oferta de recursos de interese, especialmente deseñados para a mocidade coa que se contaría (audiovisual, internet...).

Por outra banda, a presenza do portugués como lingua empregada na nosa cidade ten aumentado nos últimos anos co incremento de inmigrantes procedentes de espazos lusófonos ou coa volta de descendentes de emigrantes retornados, maioritariamente do Brasil. E xa temos unha porcentaxe de alumnos/as con familias de lingua materna lusófona e/ou alumnado de lingua materna portuguesa, que mesmo pode continuar a medrar.

## 2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E ADAPTACIÓNS NECESARIAS

De partida, contamos que a maioría do alumnado teña unha competencia comunicativa media, tanto no aspecto lingüístico, sociolingüístico como pragmático, xa que se comparte un ámbito sociolingüístico moi similar.

Dunha parte, o nivel na competencia lingüística débese á enorme proximidade entre galego e portugués, en case todos os apartados que entran dentro dela: ortográfica, gramatical, lexical, semántica e fonolóxica. Está claro que deben salvar diferenzas no ámbito fonolóxico e tamén gramatical e lexical, pero nada teñen que ver coas dificultades que poden presentar alumnos e alumnas que poden acceder ao portugués dende unha lingua non románica, ou mesmo sendo románica que sexa diferente do galego.

O alumnado que escolle a materia de *2ª lingua estranxeira, portugués*, case trae incorporados os coñecementos que se piden nun nivel elemental segundo o MCERL. É capaz de comprender expresións familiares e cotiás, así como enunciados moi simples dende o primeiro día, e cunhas pequenas indicacións xa se presentan e comunican de modo simple.

Ademais contamos con alumnado cuxa lingua materna é o portugués, xa que proceden de familias con orixe portuguesa ou brasileira ou son brasileiros directamente.

**B. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIA CLAVE.**

Dende a materia de SLE-Portugués vaise contribuír ao desenvolvemento de todas as competencias clave, pero de xeito decisivo ao desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística (CCL)**, xa que na finalidade primordial da materia está empregar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta; ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural, aspecto fundamental do contido da nosa materia.

Desta maneira a *CCL* vaise traballar, desenvolver e adquirir en cada un dos cinco bloques de contidos e está relacionada con absolutamente todos os estándares de aprendizaxe.

En canto ao resto das Competencias clave, concretamos a continuación cada unha delas:

- **Competencia para aprender a aprender (CCA)**. Igual ca a CCL vaise traballar e desenvolver con cada un dos contidos e ten relación con todos e cada un dos estándares de aprendizaxe desta materia. Concretarase en actividades como:
  - Exposición e reflexión ao redor de tarefas académicas
  - Autocorrección de exercicios de diferente natureza, incidindo especialmente naqueles que potencien a oralidade e a escrita.
  - Capacidade de autoavaliación.
  - Consciencia de progresión nos logros acadados.
- **Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).** Prevendo as posibilidades que un alumno ou alumna poida ter no seu futuro laboral ou na súa formación no exterior, a escolla do estudo do portugués é por definición unha demostración desta competencia. Consideramos que a propia iniciativa de aprender o portugués, ademais, fará que o alumnado chegue a ser consciente de que é capaz de se desenvolver en situacións que antes lle resultarían adversas. Esta superación de dificultades mellorará a súa autoestima e daralle confianza para se enfrontar a novas metas.
- **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC)**. Debido ás características e contidos da materia, tamén esta é unha competencia que se concreta en practicamente

todos os estándares. Esta competencia quedaría sobradamente adquirida coa programación de actividades nas que se traballan dende os países da lusofonía e as súas particularidades culturais até as características de cada unha das rexións de Portugal. Ademais disto, realizamos:

- Proxeccións de vídeos e filmes relacionados cos diferentes aspectos da cultura lusófona
- Actividades ao redor da música producida nos diferentes países da lusofonía en diferentes estilos.
- Tarefas guiadas mediante libros de lectura, nomeadamente banda deseñada.
- Correspondencia postal con alumnado portugués, se for posíbel.
- Viaxe organizada a Portugal Norte, se for posíbel.

- **Competencia dixital (CD).** Tamén se concreta na maioría dos estándares. Dende esta materia vaise contribuír a progresar nesta competencia mediante:
  - Emprego das aplicacións corporativas: E-dixgal ou Aula virtual.
  - Uso de dicionarios dixitais e correctores dixitais
  - Uso de xornais dixitais
  - Produción de textos dixitais
  - Busca de información na rede sobre diferentes contidos da materia
  - Xogos de gramática e léxico dixitais
  - Exercicios de audición a través da rede (vídeos, tv, filmes).

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**. En principio, segundo o currículo podería traballarse no manexo de estatísticas de uso do portugués no mundo, análise de mapas da lusofonía, etc.

**C. OBXECTIVOS DE ETAPA**

Desenvolveranse os obxectivos da ESO:

a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**D. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS**

| | **Segunda Lingua Estranxeira. Português 2º ESO** | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | TEMPORALIZACIÓN | | | | | | | | |
| Obxectivos | Contidos | 1º T | 2º T | 3º T | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | PROCEDEMENTOS DE AVAL. | INSTRUM.AVAL | GRAO MÍNIMO DE CONSEC. |
| **Bloque 1. Comprensión textos orais** | | | | | | | | | | |
| a, c, d, i | B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:<br>–Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br>– Uso dos coñecementos | X | X | | B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. | SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Audicións de diferentes textos (A)<br>Escoita activa (EA)<br>Cumprimento tarefas (CT)<br>Emprego TIC (TIC) | Observación directa (OD)<br>Proba Escrita (PE)<br>Coloquio (Co) | Comprende, con axuda e guía da profesora, preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | referenciais sobre o tema<br>– Identificación de palabras clave.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).<br>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.<br>– Inferencia do significado probábel das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos dende as linguas que coñece á lingua estranxeira. | | | | | | | | | que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. |
| a, c, d, i | B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. | X | X | | B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita | SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. | CCL<br>CAA<br>CCEC | A<br>EA<br>CT<br>Seguimento de pautas dadas (SP)<br>TIC | OD<br>PE<br>Co | Comprende a maioría das frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos dende as linguas que coñece. | | | | | temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. |
| a, c, d, i | B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. | X | X | X | ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar | ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | A<br>EA<br>CT<br>TIC | OD<br>PE<br>Co | Comprende, de xeito aceptábel, o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previame |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. | necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | | | | nte traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. |
| a, c, d, i | B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). | X | X | B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma | SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha | CCL CD CAA CCEC | A EA CT Conversas espontáneas, guiadas ou planificadas (C.) Interactuación(I) TIC | OD PE Co Rúbrica (R.) | Comprende satisfactoriamente a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | clara e comprensible. | persoa, un obxecto ou un lugar. | | | | un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. |
| **Bloque 2. Produción textos orais** | | | | | | | | | | |
| a, c, d, i | B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br><br>>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción<br><br>>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa<br>– Execución:<br><br>>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. | X | X | X | B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | I. Debates (D)<br>CT<br>SP<br>TIC | Rexistro actividades (RE)<br>OD<br>Probas Orais (PO)<br>R | Na maioría das actividades de aula, case sempre, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | >Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>>Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.<br>>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br><br>>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | lingüísticos e paralingüísticos<br>– Lingüísticos:<br><br>>Modificación de palabras de significado parecido.<br>>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.<br>>Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta<br>>Petición de axuda.<br>– Paralingüísticos:<br>>Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.<br>>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal)<br>>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| a, c, d, i | B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. | X | X | | ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. | SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | I<br>SP<br>EA<br>Tarefas grupais (TG)<br>TIC | OD<br>PO<br>R<br>Co | Seguindo modelos, fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. |
| a, c, d, i | B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas. | | X | X | B2.3.1. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio | SLEB2.3.1 Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | EA<br>I<br>TG<br>SP<br>TIC | RE<br>OD<br>PO<br>R<br>Co | Desenvólvese, con axuda, entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediata |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | | | | s nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar |
| | | | X | X | B2.3.2 Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. | ▪ SLEB2.3.2.1 Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que estabele contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. | CCL<br>CAA<br>CCEC | I<br>CT<br>C.<br>SP<br>TG<br>TIC | RE<br>OD<br>PO<br>R<br>Co | Participa, paulatinamente, en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que estabele contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicación |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | s moi básicas para ir a un lugar |
| | | X | X | | | SLEB2.3.2.2 Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | CCL CAA CCEC | Exposición Oral (EO) Gravación voz (G) C. CT SP TG TIC | RE OD PO R Co | Seguindo un modelo, preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. |
| **Bloque 3. Comprensión textos escritos** | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| a, c, d, i | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)<br>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais)<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do | X | X | X | B3.1.1 Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos dende as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. | SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Lectura comprensiva (LC)<br>Elaboración resumos/esquemas (ER)<br>CT<br>TIC | PE<br>OD<br>RE | Guiada pola persoa docente, comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. |
| | | | X | | B3.1.2 Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente. | SLEB3.1.2 Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | CCL<br>CAA<br>CCEC | LC<br>ER<br>CT<br>TIC | PE<br>OD<br>RE | Comprende, con progresiva autonomía, avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediata |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | | | | | | | | | s, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. |
| | | | X | X | B3.1.3 Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia. | SLEB3.1.3 Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | CCL<br>CAA<br>CCEC | LC<br>ER<br>CT<br>TIC | PE<br>OD<br>RE | Comprende, con progresiva autonomía, información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. |
| | | | X | | B3.1.4 Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, | SLEB3.1.4 Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, | CCL<br>CAA<br>CCEC | LC<br>ER<br>CT<br>TIC | PE<br>OD<br>RE | Comprende, con axuda, información esencial e localiza información específica en material |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. | catálogos e listas de prezos | | | | informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos |
| a, c, d, i | B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas. | X | X | X | B3.2 Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos dende as linguas que coñece), identificando e asociando as diferentes grafías e pronunciacións. | SLEB3.2 Comprende e emprega a grafía e pronuncia correspondente ao modelo lingüístico | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | LC<br>ER<br>CT<br>TIC<br>SP | PE<br>OD<br>RE | Comprende e emprega, de maneira suficiente, a grafía e pronuncia correspondente ao modelo lingüístico |
| **Bloque 4. Produción textos escritos** | | | | | | | | | | |
| a, c, d, i | B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe | X | X | X | B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, | ▪SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | Produción textual (PT)<br>Corrección textual (CTx)<br>CT<br>SP<br>Emprego Fontes | RE<br>PE<br>OD | Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir etc.)<br>>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda etc.)<br>>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>– Execución:<br>>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.<br>>Estruturación do contido do texto.<br>>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>>Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>>Reaxuste da | | | | revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. | información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | | consulta (FC) | | previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. |
| | | X | | | B4.1.2 Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. | SLEB4.1.2 Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | PT<br>CT<br>SP | RE<br>PE<br>OD | Completa, con escasos erros, un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.) |
| | | X | X | | B4.1.3 Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas | SLEB4.1.3 Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | PT<br>CTx<br>TIC<br>SP<br>CT | RE<br>PE<br>OD | Escribe, con axuda e paulatina corrección, notas, listaxes, tarxetas postais, felicitació |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben" etc.).<br>– Revisión:<br>>Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra etc.).<br>>Reescritura definitiva. | | | | relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. | breves, relativas a necesidades inmediatas. | | | | ns e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. |
| | | | X | X | | SLEB4.1.4 Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | PT<br>CTx<br>TIC<br>SP<br>CT<br>Participación en actividades extraescolares e complementarias (PAC) | RE<br>PE<br>OD<br>Correspondencia Portugal* | Escribe, con axuda da docente, correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | e ordenada. |
| **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe** | | | | | | | | | |
| a, c, d, i, o | B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.<br>–Sons e fonemas vocálicos.<br>–Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>–Procesos fonolóxicos máis básicos.<br>–Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. | X | X | X | B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoábel comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. | SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidad e léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | EA<br>CT<br>Coñecemento situación lingüística<br>Espírito Crítico (EC)<br>Análise lingüística<br>TIC | PE<br>PO<br>OD<br>RE | Con axuda guiada e paulatina, identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| a, c, d, i, o | B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas<br>–Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>–Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. | X | X | X | B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. | SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | CT<br>SP<br>EC<br>Ficha Investigación<br>TIC | Co<br>PE<br>PO | Utiliza de maneira suficiente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e sempre amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| a, c, d, i, o | B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>–Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>–Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos | | X | X | ▪B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. | SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | CCL<br>CAA<br>CCEC | CT<br>EC<br>Análise lingüística<br>Exposición<br>TIC | Co<br>R<br>PO | Nas actividades de aula, pode explicar, minimamente, o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>–Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>–Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. | | | | | | | | | |
| a, c, d, i, o | B5.4. Plurilingüismo:<br>–Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada<br>–Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de | X | X | X | ▪B5.4. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro | SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | PAC<br>EC<br>SP<br>TIC | OD<br>Co | Participa, de xeito guiado, en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | | docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | | | utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe |
| a, c, d, i, o | B5.5. Funcións comunicativas:<br>–Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.<br>–Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. | X | X | ▪B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, | SLEB5.5. Produce textos relacionados co propósito comunicativo utilizando un léxico suficiente en función do nivel académico. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | CT<br>PT<br>TIC | PE<br>RE<br>OD | Produce, con axuda gradual, textos relacionados co propósito comunicativo utilizando un léxico suficiente en función do nivel académico |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | –Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.<br>–Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.<br>–Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.<br>–Expresión do interese, a aprobación, o aprezo, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>–Estabelemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. | | | | sempre que sexan traballados en clase previamente. | | | | | |
| a, c, d, i, o | B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<br>–Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; | X | X | X | ▪ B5.6. Producir textos e inferir o significado probábel de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos dende as | SLEB5.6. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | LC<br>PT<br>C<br>Exposición<br>I<br>CT<br>TIC | PO<br>Co<br>RE<br>OD | Case sempre comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade e inmediata da aula |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>–Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo<br>–Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | | | | linguas que coñece. | utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. | | | | (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando de xeito suficiente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. |

**Repaso dos contidos sintáctico-discursivos en 1º ESO**

- Expresión de relacións lóxicas: adición (e, nem, e também); disxunción (ou, ou…ou); oposición/contraste (mas); causa (porque; por isso); finalidade (para + Inf.); comparación (mais/menos/ tão + Adj./Adv.+ (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno...); superlativo absoluto (-íssimo, -limo).

- Relacións temporais (antes, agora, depois; em seguida, logo).
- Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; proforma (p. ex. eu também; certamente).
- Exclamación (formas elípticas: Que (+ Subst.) + Adj., p. ex. Que dia lindo!; Que gentil!); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. Está bom!).
- Negación (sentenzas declarativas negativas con não, nunca; nada, nemhum nenhum(a), ninguém).
- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., Quem fez o quê? Para que é isso?); interrogativas tags (p. ex., Queres ir ao cinema, não queres?).
- Expresión do tempo: pasado (pretérito perfeito simples e composto, imperfeito,); presente (presente); futuro (ir + Inf., presente do indicativo + Adv.; haver-de)…
- Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (estar a + Inf., presente, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo; continuar + Ger.); habitual (tempos simples (+ Adv.), p. ex. No verão está calor).
- Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.), intención (pensar + Inf.; querer de /ter de + Inf., pretérito imperfeito gostar de + Inf.), capacidade (é capaz de + Inf.; saber); posibilidade/probabilidade (poder; dever; ser possível / impossível + Inf.; talvez); obrigación (imperativo).
- Expresión da existencia (p. ex., ser, estar, haver/ter); a entidade (substantivos contábeis/incontábeis/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/tónicos); determinantes); a calidade (-íssimo, -ílimo; muito raro; melhor).
- Expresión da cantidade: (singular/plural; numerais cardinais e ordinais); indefinida, absoluta (p. ex. todo, maioria, ambos, nenhum…) ou relativa (p. ex. muito; tão; um pouco).
- Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia; movemento, dirección, orixe e acomodación).
- Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., são quinze para as três; em 1999), divisións (p. ex., días, meses; século; estación) e indicacións (p. ex., atrás, cedo, tarde) de tempo; duración (p. ex., de/desde...a; durante); anterioridade (ainda; ontem); posterioridade (depois, logo, próxima segunda-feira); secuencia (primeiro, depois, finalmente); simultaneidade (ao mesmo tempo); frecuencia (p. ex., geralmente; usualmente).
- Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., devagar, pior).

**Contidos sintáctico-discursivos en 2º ESO**

- Revisión dos contidos gramaticais vistos en 1º ESO xa indicados anteriormente.
- Contracción da preposición a. Uso das preposicións ir a/ ir para. Preposicións de movemento para/por
- Expresión dos verbos de movemento no presente de indicativo. Verbos + preposicións e locucións prepositivas.
- Contracción das preposicións em, de, por.
- Diferenza entre para e por
- Expresión do futuro próximo (ir+ infinitivo). Expresións de tempo. Uso do futuro perfeito do indicativo.
- Demostrativos asociados aos adverbios de lugar (aquí, aí, alí).
- Uso do modo imperativo
- Expresións con verbos opinativos
- Uso dos conectores discursivos de causa.
- Graos do adxectivo.
- Expresións co Pretérito Perfeito Simples do Indicativo (verbos regulares e irregulares)
- Adverbios e expresións de tempo. Adverbios e locucións adverbiais de tempo (já, nunca, ainda não)
- Expresións con "acabar de + infinitivo"
- Expresións co Pretérito Imperfeito do Indicativo (verbos regulares e irregulares). Adverbios e expresións de tempo.
- Uso dos pronomes persoais con función de complemento directo e indirecto.
- Uso do pretérito imprefeito do indicativo con diferentes usos especialmente en descricións e para narrar situacións: estar (pretérito imperfeito) + a + infinitivo.

## E. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O achegamento a unha segunda lingua estranxeira como é o portugués para o alumando galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula.

O profesorado vai actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas.

